

Ourense no mapa de Coello, aproximadamente na época de nacemento de Valentín Lamas Carvajal.

**AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN**

É de Ourense, onde exerce a docencia  
de Lingua e Literatura Galega, no IES  
As Lagoas.



# AS HOMENAXES AURIENSES A VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

---

(1916, 1917, 1918, 1925, 1949 e 1972)

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

## I. INTRODUCIÓN

Valentín Lamas Carvajal é un arrichado e libre intelectual que co seu permanente esforzo persoal e a colaboración da muller Rosina, irmáns, fillos e amigos, logra arreporese á súa total cegueira, e consegue organizar unha familia e multitud de proxectos culturais na súa cidade natal. Unha persoa destas características, non podía deixar indiferente a ningúen, e a popularidade da súa persoa e dun discurso vocacionalmente polemista e sumamente próximo á sensibilidade e gustos estéticos das xentes populares, vémolas en multitud de datos concretos.

Os 520 números d'*O Tío Marcos d'a Portela* vendidos semanalmente nas feiras do país entre 1876 e 1889, nunha tiraxe declarada de 4000 exemplares, que reducíndoa á metade, dá ainda máis dun millón de exemplares, por exemplo, fannos recoñecer nel ao principal espallador das ideas do *Rexurdimento* literario a fins do século XIX e un dos impulsores máis activos da dignificación do orgullo de ser galego, asumindo, áinda que criticamente, as carac-

terísticas étnico-culturais da sociedade tradicional, ao tempo de ser, sen dúbida, a pedra basal da prosa galega contemporánea.

O seu *Catecismo do Labrego*, é claro, contribuíu decisivamente ao espallamento dunha sensibilidade receptiva ante o problema agrario que podemos designar como “protoagrarista”, do mesmo xeito que algunas das súas poesías –como algunas incluídas nas *Dez cartas aos gallegos* e outras de tema épico ou histórico– nolo sitúan como un evidente “protoacionalista”, pois as súas invocacións mesmo retóricas, á “nosa sagrada independenza”, se producen décadas antes da definición nacionalista das Irmandades, en 1918.

As polémicas mantidas a través da prensa con Murguía, Curros Enríquez, Alberto García Ferreiro, etc. fálannos tamén da riqueza de enfoques e pluralidade de visións entre o grupo rexurdente no solpor do XIX. As condenas á que se viu sometido por unha xustiza ao servizo do poderoso, fannos recoñecer a un Valentín Lamas Carvajal enfrentado co poder



caciquil no último terzo do século XIX, más desde a defensa desa sociedade tradicional que sinalabamos como modelo que asumía, que desde as teorías laicas e de cambio socializante que se comezaban a espallar naquela época e das que sería máis próximo o seu amigo, Curros Enríquez.

Se cadra por iso e porque nunca se enfrentou co sector eclesiástico tampouco gozou de inquinas ideolóxicas estables por parte de ningúén sector político, áinda que si de antipatías persoais moi concretas, e que se foron esvaecendo rapidamente co paso do tempo, e sobre todo, desde o propio momento da súa morte, hai cen anos.

Sen dúbida, Valentín Lamas Carvajal foi a figura do *Rexurdimento* en Ourense. Moito máis que o celanovés Curros Enríquez, que consumiu a súa vida entre Madrid, Londres, Cuba, con estadías tamén, na nosa cidade, pero sen desenvolver a actividade organizadora e polemista de Lamas.

En Ourense naceu Lamas, naceu a súa muller Rosina, naceron os seus fillos, e fóra un par de indeterminados anos en Santiago na época de estudiante antes de quedar cego de todo, sempre viviu e traballou na cidade natal. Aquí dirixiu xornais e aquí escribiu a inmensa maioría da súa obra literaria e aquí participou en sociedades como o *Liceo* ou o *Círculo de Obreros Católicos*, aquí fundou a que sería a primeira publicación periódica en lingua galega -*O Tio Marcos d'a Portela*- importantísima pola difusión que sinalabamos, como punto de encontro de autores, como vehículo de comunicación co pobo, e como exemplo que seguirían a práctica totalidade das revistas de intención popular que se publicarían no solpor do século XIX e comezos do XX, como *A monteira* en Lugo, *A fuliada* en Coruña ou *A gaita gallega* na Habana.

Así pois, Lamas foi, sen dúbida, un home querido en Ourense e ao que os ourensáns da cidade e da emigración, valoraron, e homenaxearon en repetidas ocasións.

Pero o seu eco despois da morte e conforme pasaron os anos, ao contrario do que aconteceu con outros moitos escritores elevados a categoría de mitos colectivos,

foise apagando. Un escritor tremendamente popular no seu tempo, pasou a un segundo plano ao mesmo tempo que a vella sociedade que lle proporcionaba os xuncos cos que tecer a súa obra, se ía tamén esvaecendo. Pero tamén este esquecemento e minusvaloración ten axentes causantes con nomes e áreas de influencia propios: Murguía e a Academia, por exemplo. Ricardo Carballo Calero, no epílogo do folleto que a propia RAG publicou en 1972 con motivo de lle teren dedicado o Día das Letras Galegas, explícao así:

*A consagración da trindade poética Rosalía, Pondal, Curros, no cumple capitolino do século XIX non se consuma realmente ate os tempos de Nós. Os cruñeses, por suposto, xa con anterioridade viñan escluíndo a Lamas. Éste achara, de entrada, unha dura oposición por parte do mestre Murguía. Pero fora da "escola coruñesa", formada ao redor da Academia, Pondal era amiude desconocido, ou incomprendido, ou vilipendiado. O seu posto na trimurti ocupábaoo Lamas Carvajal..*

...

*Cando o "galeguismo" sustituíu ao "rexionalismo", cando a Galicia "europea" se sobrepuxo á Galicia "aldeá", a humildade estética, o tipismo tópico de Lamas semellaron improprios da nova etapa. Pondal, moito más artista, moito más culto, cunha forza expresiva e unha nobreza estilística que representaban unha novedade na moderna literatura galega, escureceu a Lamas, e impúxose decididamente como colega de Rosalía e de Curros en troques do apagado e morno cronista da vida triste e lamacenta do asoballado e amargurado labrador.*

## II. CRÓNICA DA MORTE DE LAMAS

Neste pequeno artigo, faremos un pequeno repaso por algunas das celebracións populares que se fixeron na súa lembranza recorrendo sobre todo ás informacóns de prensa: As do ano 1916, 1917 1918, 1925, 1949 e 1972, deixando de lado neste momento as que sen dúbida se deberon producir canda a súa morte, en 1906, porque non tivemos máis acceso a fontes directas que a nova do falecemento recollida o día 5 de setembro en *El Miño*, xornal promovido por Vicente Pérez, precisamente oposto á liña que mantiña *El Eco de Orense* que dirixía Lamas.

Este texto necrolóxico, fai unha durísima diagnose da situación do rexurdimento cultural galego naquela altura, dándoo por finalizado. Reproducímoslo.

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



### LAMAS CARVAJAL

Ayer, á las diez de la mañana, falleció en esta capital el poeta gallego Valentín Lamas Carvajal.

El gran movimiento literario de Galicia comenzado en los Juegos Florales de la Coruña de 1861, llegó a su completo desarrollo, á su apogeo, con nuestro poeta.

Sus revistas El Heraldo de Galicia, O'Tío Marcos d'a Portela, sus tomos de poesías Espiñas Follas é Frores, A musa das Aldeas, A musa das Aldeas, y su famosísimo Catecismo d'o Labrego, son sin duda lo más perfecto de cuanto produjo nuestra tan fecunda como efímera literatura regional.

Poeta sentimental y realista á la vez, ya llora las desgracias de su pueblo en elegíacos tonos, ya llega en sus amargas burlas de las supercherías y meigallos á un humorismo, solo comparable al de algunos muy contados maestro de la otra orilla del Miño. Su musa, como el decía de la gaita, es una inimitable poesía, Chora con ronco e ri co punteiro.

Poeta tan gallego, tan orensano principalmente, hoy era apenas leído, verdad es que igual suerte le cabe á todos los demás poetas de su tiempo. Puso remate espléndido á la obra literaria de Galicia y tuvo el dolor de ver morir aquella obra.

Una y otra cosa se explican. Nuestro movimiento literario surgió, cuando las leyendas, las tradiciones, los usos, las costumbres, hasta el trage desaparecían; cuando toda diferencia de las otras regiones se iba borrando.

La vieja Galicia se moría ahogada por una centralización brutal y los poetas y literatos no sabiendo á ciencia cierta si merecía la pena de luchar por la conservación del pasado se limitaron á acompañarle en su agonía con risas que parecen lágrimas y lágrimas que parecen risas.

La literatura catalana que empezó a florecer casi al par de la nuestra confirma en sus desarrollos y tendencias cuanto decimos. Decidida á conservar la tradición en lo que tiene de útil, es la precursora de un ideal regional que no surge, que renace y que lucha con las mismas energías que luchó en 1640.

Por eso nuestra poesía fué una música grata al oído, propia para entretenér y descansar el ánimo, al paso que la poesía catalana es una música, pero una música bética que lleva un ejército detrás con una bandera que defender y que alienta el combate.

Valentín Lamas Carvajal murió ayer, el poeta había muerto á su hora, el día que murió la obra á la que había dedicado todos los entusiasmos de su alma de poeta.

Vivirá siempre para cuantos lo han tratado y le han leído.

Descanse en paz.

### III. OS FIEIS DEFUNTOS DE 1916, 1917 E O PRIMEIRO BUSTO, 1918

En febreiro de 1917, un grupo de intelectuais ouren-sáns que se encontraban integrados nas "Hirmandade d'Os amigos d'a Fala Gallega", nucleados ao redor de



Panteón da familia Lamas Carvajal no cemiterio de San Francisco, onde se celebraron grandes homenaxes desde 1916.

Xavier Prado "Lameiro" e H.V. Ameixeiras, retoman a edición do xornal "O Tío Marcos d'a Portela" na que será a súa terceira época (1917- 1919), que no seu primeiro número leva a imaxe do propio fundador, Valentín Lamas Carvajal na portada, e a quen tratan de seguir no estilo, fondo e forma. E non será un fenómeno casual, pois estes irmanniños, buscaron de forma consciente entroncar desde o primeiro momento a súa actividade coa ainda moi viva, -e rendible como punto de unión popular- memoria de Lamas. Así, o primeiro acto público das Irmandades en Ourense, foi a exitosa promoción dunha homenaxe ao escritor no día de Fieis Defuntos de 1916. O 1 de novembro de 1916, na primeira páxina de *La Región*, dise:

#### Honrando o's imortás

A Hirmandá d'os Amigos d'a Fala, de Ourense, acordou facer a sua pirmeira presentación en púbreco, rindindo homenaxe d'admiraceón e recordo á groriosa memorea d'o bardo feiticeiro Valentín Lamas Carvajal.

*Valentín L. Carvajal*

A tal ouxeto hoxe a's catro d'a tarde rubirá o Campo Santo a poñer unha probe coroa de riba d'a cova que garda os restos d'aquil que con tanta xusticia podemos chamar mestre da nosa dolce e agarimosa fala.

Pra iste acto roga a axuda d'as autoridades, Prensa, Centros de Cultura, Sociedades de recreio e Obreiras e de todos os veciños, esperando qu'aquelas manden representacións a istes ruban en masa pra darlle a solemnidade merecida.

O punto de reunión será a casa d'o Auntamento. - Ameixeiras; Prado, secretareo

O acto, foi un absoluto éxito de público e representacións cidadás, algo que sorprende mesmo á prensa local que non dubida de gabar o acto de forma moi clara. O día 3 de novembro, recóllese en *La Región*:

*Haciendo patria*

"A Hirmandá d'a Fala" y Carvajal

Fué un acto muy simpático el que se anteayer realizaron los entusiastas orensanos que pertenecen al grupo de A Hirmandá d'a Fala Gallega yendo al cementerio de San Francisco a depositar una corona sobre la tumba del incomparable poeta Valentín Lamas Carvajal.

A la invitación hecha desde la prensa acudieron muchísimas personas, más de las que nosotros creímos asistiesen, dada la apatía característica de nuestro pueblo, respecto honrar sus más preclaras glorias.

A las cuatro y media salió del Ayuntamiento la comitiva. Dos exploradores llevaban la hermosa corona que se depositó en la capilla en donde descansan los restos del inspirado bardo orensano.

Ocupaban la presidencia el alcalde señor Pereira, el secretario del Gobierno señor Riestra, en representación de la primera autoridad de la provincia; el vicepresidente de la Comisión Provincial Sr. Taboada, en nombre de la Diputación; el presidente de la Cámara de Comercio, Sr. Villanueva, el director del Instituto Sr. Moreno y el Sr. Ameijeiras, como iniciador de la idea y representante de A Hirmandá.

Por detrás de esta presidencia, numerosas personas y comisiones del Ayuntamiento, la Cámara de Comercio, Liceo Recreo, Club Orensano, Unión Artística, Orfeón Unión Orensana, Liga de Amigos, Cooperativa Cívico Militar, Ateneo de Orense, Centro de Sociedades Obreras, Asociación de Dependientes, Comisión de Monumentos, Círculo Católico, Audiencia, Instituto, Escuela Normal, Prensa local y otras entidades y corporaciones.

Después de haber sido depositada la corona en la capilla de la familia de Lamas Carvajal, el Sr. Ameijeiras leyó estas tres décimas que la sección de Orense de A Hirmandá d'a Fala Gallega dedicó a la memoria de aquel poeta:

*Embruxados pol-o teu encanto  
d'os teus versos feiticeiros,  
uns gallegos verdadeiros*

*fanche iste homenaxe santo.*

*Y envolta en lúgubre manto  
ven A Musa d'as Aldeas  
a deixar como preseas  
d'a tua cova nos redores  
Espiñas, follas e flores  
co-as que coroado seas.*

*Quen coma tí recolleu  
con divina inspiración  
a y-alma d'ista rexión,  
anque morto, non morreu;  
pois sempre o espírito teu  
com'un anxel tutelar  
vivo en nós ten que quedar,  
pra qu'en medeo d'o vivir,  
alegres sepamos rir;  
tristes, sepamos chorar.  
Terra que gardas os osos  
d'o mais enxebre cantor,  
agaríma-os con amor,  
regada c'os choros nosos.  
Por istos restos groriosos  
a HIRMANDÁ GALLEGА vela  
e desde o Ceo a sua estrela  
lucindo eterna, brillante  
güia o paso vacilante  
d' O Tío Marcos d'a Portela.*

El presbítero D. Jesús Quesada rezó un responso terminando así el acto sencillo pero en extremo simpático de A Hirmandá d'a Fala.

Los Sres. Biempica y Malingre (D. Manuel) hijos políticos del autor de A Musa d'as Aldeas dieron las gracias al Sr. Ameijeiras y a las autoridades y comisiones que acudieron al Cementerio a honrar la memoria del primero de nuestros grandes poetas.

A tendencia fondamente popularista e filo-aldeá dos promotores da revista e do núcleo orixinal da Irmandades de Ourense, terá o éxito que se deixa ver nesta convocatoria, pero será incomprendida por outros autores que, nucleados ao redor de Vicente Risco, e aproximadamente nas mesmas datas, publicarán a revista "neosófica" *La Centuria* (1917-1918).

Como é sabido, ambos colectivos, baixo o impulso e maxisterio de Antón Losada Diéguez, confluirán na *Irmandade* de Ourense dirixida por Risco no tempo en que a revista *Nós* funcionou como grande e ambicioso proxecto ao servizo do país, ao redor



da tríade ourensá que lle dá nome á xeración. A este respecto, é sumamente interesante o editorial d'*O Tío Marcos* do día 7 de decembro de 1917 facendo un comentario sobre o chamamento rexionalista de Losada Diéguez, e que remata dicindo “*Pra ocupar o posto que se lle sinale n-a hora d'a loita, ofrécese incondicionamente O TÍO MARCOS D'A PORTELA.*

En calquera caso, o movemento organizativo do galeguismo vai aproveitar esta homenaxe de 1918 a Lamas Carvajal para dinamizar as relacións entre as persoas sensibles ante a cultura galega e destas coa sociedade. A aparición de artigos destes autores, Losada Diéguez e Vicente Risco, n'*O Tío Marcos* e a súa participación na propia inauguración do monumento, son claros expoñentes desta proximación.

O “parrafeo” -é así como se denominan os números d'*O Tío Marcos*- 14 correspondente ao 7 de setembro de 1917, na sección “Páxinas de loito”, lembra os once anos da morte de Lamas e dános a pista da orixe da homenaxe na que se lle porá o primeiro busto, pois logo de rogar unha oración polo poeta e anovarlle o pésame á viúva e demais familia, declara:

*Y-a propóseto, o noso culto colega La Región, no seu número d'o dia 5 d'este mes fala d'a deuda qu'o pobo d'Ourense ten por pagar á aquil seu fillo insine e fala d'a necesidá de perpetuar o seu ome en mármoles e bronces.*

*Con verdadeira satisfacción facemos nosa tan honrosa ideis; senon n-o pormeiro, nun d'os nosos mais prousemos parrafeos adicaremosll'a atención que merece e faremos canto poidamos pol-a levar a cabo.*

*Non ser nos ocultan as dificultás que teremos que vencer, nin o pouco propicio das circunstancias porque atravesa o país pra conseguir o fin que perseguimos; mais esto en troques de nos desanimar fará que redoblen os nosos esforzos pra dar oinxustamente esquecido hasta d'agora o momento a que ten porfeuto direito.*

No seguinte número, do 21 de setembro, baixo o título xeral de “Homenaxe ao noso mestre” fai un chamamento editorial para sumar forzas á homenaxe na que actuará como motor a revista por el fundada e refundada polos novos *irmandiños*..

No número do 21 de outubro, na sección “Casos e cousas” dá conta de outras dúas novas relacionadas



*Rosina Sánchez Gómez foi un apoio constante para Lamas na súa vida e unha propagandista súa, logo da morte.*

coas homenaxes a Lamas, a organización dunha nova ofrenda floral na súa tumba con motivo do día de Fieis Defuntos, despois do éxito da primeira no ano anterior que supuxera a presentación en sociedade das Irmandades en Ourense, e a adquisición de obras por parte da Deputación Provincial:

*A Redaución d'O TÍO MARCOS D'A PORTELA y-a Hirmandade d'os Amigos d'a Fala, d'Ourense, segundo a costume d'esta últema, n-o dia d'os Fieles Defuntos, organizarán unha procesión cívica que acompañe ós redactores d'iste boletín y-os membros d'o consello d'a Hirmandá n-o auto de poñer unha modesta coroa derriba d'a cova donde descansan os restos d'o noso mestre Valentín Lamas Carvaxal.*

*Sen prexudicio de facer en tempo as invitaciós as autoridás, corporaciós e centros de recreio, damos a noticia pra qu'os nosos leitores poidan saberlo, xa que pol-as datas en que aparece iste pródeco, non teremos antes outra ocasión d'o anunciar.*

\*\*\*

*A Deputación provincial acordou adequirir vintecinco coleuciós d'as obras de Valentín Lamas Carvaxal. O acordo foi ouxeto d'aprobación xeneral, qu'o considera coma un antícpio d'o moito qu'Ourense ten que facer por aquel seu insine fillo.*

(Por certo que a Deputación provincial sempre se portara moi ben co poeta, comprándolle moitos exemplares a medida que ían saíndo. Segundo documenta Fernández Gallego na súa *Bio-bibliografía de Lamas Carvajal*, en 1875 adquire 200 exemplares de *Espiñas, Follas e flores*, 100 de *La monja de*

Valentín L. Carvajal

LA REGIÓN

## Homenaje á Valentín Lamas Carvajal

MAYO 31, 1918

### Fragmento de un discurso

Valentín Lamas Carvajal naceu e viviu en Ourense, en un desprazado e en el exilio, viviendo en la memoria del dia, que se perdiu, e en la memoria da memoria histórica literaria, en las antologías, en los diccionarios, en los efectos de los escritores e bibliógrafos extranjeros que lo citan, e en las lenguas en que el Rey Salustio cantó los llores de la Virgen y el Círculo de la Virgen, que lo nombraron autor.

El poeta, el Príncipe de las Iras latinas, pudo escuchar contemplando su obra. -Hé levantado con mis versos el león de Grecia, pero no el león del bronce, no, no morir del todo, no muere.

Y no, no muere, señores, mientras vives, yo te diré que el poeta que nació en el mapa de las naciones, viviera viviendo más o menos de los siglos, mentre que yo, que nací en el mapa de las nubes del habla, pero, amargosamente, diñamente, me muero, pero no moriré para mímos y tormentas más que ninguna otra lengua del mundo.

No sé si querer que Carvajal haya

### "Espíritus, folias & flores,"

Un espíritu pionero  
que nació en el mapa  
de las naciones,  
más que muere,  
que nació en el mapa  
de las nubes del habla,  
pero, amargosamente,  
diñamente, me muero,  
pero no moriré.

Un espíritu pionero  
que nació en el mapa  
de las naciones,  
más que muere,  
que nació en el mapa  
de las nubes del habla,  
pero, amargosamente,  
diñamente, me muero,  
pero no moriré.

Un espíritu pionero  
que nació en el mapa  
de las naciones,  
más que muere,  
que nació en el mapa  
de las nubes del habla,  
pero, amargosamente,  
diñamente, me muero,  
pero no moriré.

Un espíritu pionero  
que nació en el mapa  
de las naciones,  
más que muere,  
que nació en el mapa  
de las nubes del habla,  
pero, amargosamente,  
diñamente, me muero,  
pero no moriré.

Al homenaje de Ourense vindo a su inscripción-hoja, Valentín Lamas Carvajal, poeta. La Rúa, no modesto conmigo, dedicándole este número. Los poetas que saben honrar á sus hermanos, se hñozan á él mismo.



VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

MARCELO MACIAS

### A Lamas Carvajal

Lamas Carvajal ha nascido hoy entre os muros para que nascido en Ourense, na fronteira ouroada.

En Ourense se poneu o seu xuramento de agua porque na súa terra naceu.

Na súa terra naceu,

que nascido en Ourense,

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



O día escollido para a inauguración do monumento foi o 31 de maio de 1918, despois de que a colecta popular emprendida pola *Liga de Amigos* e polo xornal e de cuxa actividade (reunións no Liceo, recadacións, etc.) se dá conta en varios soltos n'O *Tío Marcos*, permitise o encargo dun modesto monumento ao escultor e marmorista Daniel Piñeiro. A “Liga de Amigos”, era unha agrupación ocasional que se reunía no Liceo e que estaba composta por antigos amigos de Lamas, entre outros, os señores Arturo Fernández Madgalena, como presidente, Sr. Hixinio Ameixeiras, como secretario, Alfonso Carballo Rey, Rivas Martínez, etc.

O propio día 30 de maio, o xornal *La Región* publicou unha páxina enteira de colaboracións onde xunto cun resumo biógrafo extraído dun artigo de Benito Fernández Alonso hai colaboracións de Marcelo Marcías, Antonio Rey Soto, Salvador Padilla, así como poemas de Filomena Dato, Sofía Casanova, Miguéns Parrado e Enrique Cantón Alvarado, rodeando unha imaxe do poeta cego.

O día 31 de maio adianta a súa publicación *O Tío Marcos d'a Portela* -que lle cadraba saír o 7 de xuño- para dedicarlle un número especial á festividáde con artigos de Manuel Murguía, Martínez Sueiro, Antón Losada Diéguez, Arturo Noguerol, Leandro Carré, Vicente Risco, Marcelo Macías, Benito Fernández Alonso, Aleixos Rubidainas -quen se adxudica a idea orixinal da homenaxe-, Eduardo Neira Marmol, Alfonso Carballo Rey, e Hixinio V. Ameixeiras, quen afirma pola súa banda que

*Ei porque axudado por us poucos amigos que coma min pensaban, estabrecín a piadosa costume de rubir todolos anos ó Camposanto, no día qu'a Eirexa adica ós defuntos, pra poñer de riba d'a súa cova unhas froles que xustificasen qu'o tiñamos sempre presente.*

Tamén hai neste “*parrafeo trint'e dous*” poemas dedicados á súa memoria de El Marqués de Figueroa, Euxenio Carré Aldao, Juan Barcia Caballero, F. Salgado y López Quiroga, Gonzalo López Abente, Vitoriano Taibo, E. Rodríguez Lema, Filomena Dato, Antonio Valcárcel, Eladio Rodriguez González, Avelino Rodríguez Elías, Antonio Noriega Varela e

Xavier Prado “Lameiro”. Os textos devanditos son acompañados por reproduccións de varios artigos do propio Valentín Lamas Carvajal e por dúas imaxes, un retrato do autor, de Luís Fernández “Xesta” -realmente o único coñecido e sempre reproducido, e outro do monumento, que leva o seguinte pé:

*Moemento erixido ó gran poeta gallego Valentín Lamas Carvaxal, pola Liga d'Amigos, en 1918. Son autores d'o pedestal e d'o busto, respectivamente, o catedrático d'o Instituto ourensán D. Xesús Soria y-o xoven escultor Sr. Piñeiro. O moemento érguese n-a parte outa dos xardíns de Posío.*

No xornal *La Region* do día 1 de xuño, dásé cumprida información do desenvolvemento dos actos, que, polo seu interese, reproducimos íntegra:

#### EL MONUMENTO A LAMAS CARVAJAL

*La inauguración de este monumento al gran vate orense, es sin disputa, el número más simpático de cuantos constituyen el programa de los festejos.*

*Al erigirse ese busto a Lamas Carvajal, el pueblo de Orense, cuya alma supo rimar como ninguno el insigne, el inolvidable poeta ciego, ha comenzado a satisfacer la deuda impagable que con él contrajo.*

*Bien hizo la “Liga de Amigos” imponiéndose la tarea de convertir en realidad lo que estaba en el pensamiento de cuantos en orense sentimos y en orense pensamos, aunque hasta la fecha nadie se hubiese cuidado de llevar a la práctica una idea altamente hermosa y confortadora.*

*Que al menos no podrá decirse con verdad, que el pueblo orense, conoce y tiene sobre si el negro pecado de la ingratitud.*

#### LA PROCESIÓN CÍVICA

*Salío de la Casa Consistorial podo después de las cinco de la tarde, encaminándose a los Jardines de Posío.*

*Al frente de la comitiva marchaba la banda municipal de música, siguiendo “Os Marquiños” con su estandarte y el orfeón “Unión Orensana”.*


*A continuación iban dos niños vestidos con el traje típico de la tierra, llevando una magnífica corona de flores naturales, ofrenda de los regionalistas orensanos a Lamas Carvajal.*

*Tras la corona, los significados miembros de la “Irmandade Rexionalista” señores Moreiras, Losada Diéguez, Noguerol, Risco, Pavón, Sueiro, y un representante de los regionalistas monfortinos.*

*Luego, los Exploradores, con sus banderas.*

*A seguida el Ayuntamiento, en Corporación. Formaban la representación del Municipio, el alcalde accidental Sr. Mosquera Caride, los concejales Sres. Cedrán, Rodríguez Conde, Mangana, Bouzo, Malingre y Gómez, y el secretario, Sr. Colemán.*

*Valentín L. Carvajal*



Portada do renacido O Tío Marcos da Portela do 31 de maio de 1918, monográfico dedicado a Valentín Lamas Carvajal con motivo da homenaxe dese día.

Con la Corporación iba el prelado de la diócesis Dr. Iundaín, el gobernador civil, Sr. Villar y el teniente coronel Sr. Armesto, que representaba al gobernador militar de la plaza.

Indistintamente seguían las comisiones e invitados que a continuación anotamos:

Por la Diputación provincial, los señores Pérez Romero y Fuentes; por la Cámara de Comercio, el Sr. Villanueva; por la "Liga" los Sres. Rivas Martínez, Magdalena, Ameijeiras, Carballo y Fernández; por el Instituto, los catedráticos Sres. Padilla, Bouzo y Soria; por el Seminario Conciliar, los Srs. Legísima y Oidan; por la Real Academia Gallega, los Sres. Macías y Alonso. Este último llevaba además, la representación de la "Asociación de la Prensa orensana".

Por la Escuela Normal de maestros, el Sr. Amor; por la familia de Valentín Lamas, el Sr. Biempica; por el "Liceo" los señores Junquera, Daviña y García Novoa; por la "Artística", el Sr. Panero; por el "Club" el Sr. Serantes; por el Círculo Tradicionalista, el Sr. Ginzo Soto; por el Diario de Orense, el Sr. García Losada; por El Defensor Gallego, el Sr. Docampo;

por La Raza, los señores Buján, Requejo, Docampo, Neira y Rodríguez; por LA REGIÓN y Heraldo de Arosa, de Villagarcía, el Sr. Rodríguez Veiras y por Galicia Pintoresca, el Sr. Casas.

Por el Ayuntamiento de Ribadavia, el señor Torres Pintos; por el Comité Maurista, el Sr. Rivero; por la Audiencia provincial, el fiscal Sr. Salgado, y por el Colegio de Abogados, el Sr. Velasco.

Formaban igualmente en la procesión cívica, comisiones del elemento militar y otras muchas expresamente invitadas.

La banda La Lira de Ribadavia, concurrió también al acto.

La comitiva recorrió las calles del Obispo Carrascosa, Moratín, Colón y Padre Feijoo, entrando en el Posío.

En torno al elegante y sencillo monumento que ha de perpetuar la memoria del esclarecido bardo orensano, se situaron las expresadas comisiones y un público numerosísimo.

La inspiradísima poetisa Filomena Dato Muruais, que ya se encontraba en el Jardín, fué la encargada (nadie tan indicado como ella) de descubrir el busto de Lamas Carvajal, que aparecía envuelto en la bandera gallega. En el momento de descorrerse ésta, el Unión Orensana cantó con gran sentimiento, y acompañado por las bandas municipal y de Ribadavia, el magestuoso Himno Gallego. Fué entonces también cuando los regionalistas depositaron su corona al pie del monumento y dos bellas señoritas, vestidas de gallegas, arrojaban gran cantidad de flores.

El Sr. Ameijeiras, en nombre de la "Liga de Amigos" hizo entrega del Monumento en breves y cariñosas frases, al Ayuntamiento. Reconoce la insignificancia del recuerdo si se compara con los inmensos merecimientos del poeta homenajeado y termina agradeciendo la asistencia de todas las Corporaciones y personas allí reunidas.

A las palabras del secretario de la "Liga" contestó con otras, muy elocuentes, el alcalde accidental Sr. Mosquera Caride.

Manifestó que se enorgullecía de ser en aquellos momentos el representante del pueblo de Orense, y que se honraba grandemente asistiendo al homenaje que se estaba celebrando, con el que se paga —merced al entusiasmo de la Liga— la deuda contraída con Valentín Lamas.

Añade que recibe el monumento y que hace entrega de él al pueblo orensano, que sabrá conservarlo y admirarlo.

Agradece a todos la cooperación prestada al acto y termina con un viva a Valentín Lamas Carvajal, que es contestado entusiásticamente por el público.

Inmediatamente se inició el regreso de la procesión cívica al Ayuntamiento, en la misma forma que a la ida.

\* \* \*

El Sr. Losada Diéguez recibió de La Coruña el telegrama siguiente:

"Irmandade Fala, Coruña, cada vez más forte e rexia, prégalle representantes na inauguración do moimento o gran Lamas Carvajal. Saude os irmáns ourensanos. ¡Terra a nosa! — Peña Novo, Valcárcel, Docampo".

\* \* \*

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



También el almacenista Sr. Junquera asistió a dicho acto ostentando la representación de la Liga Popular, Comité Regionalista y "Airiños d'a Terra" de Ferrol.

Ao día seguinte, 2 de xuño, Rosina Sánchez, viúva de Lamas expresa no mesmo xornal, o seu agradeceamento polas actividades organizadas, e aparece como mantedora familiar da memoria, cousa que sabemos exerceu ata os seus últimos días, xa en 1940.

**DESPUES DEL HOMENAJE A LAMAS CARVAJAL  
TESTIMONIO DE GRATITUD**

Sr. Director de LA REGIÓN.

Muy señor mío y distinguido amigo: Ruego á usted que, desde las columnas de su periódico me permita hacer público mi ferviente reconocimiento á Orense, que ha correspondido en el día de ayer al cariño que le tenía mi inolvidable esposo (que Dios tenga en Gloria), dedicando á su memoria un recuerdo que, si de justicia le llaman, tiene para mí y para mis hijos, más mérito por el afecto popular que encierra.

En el ocaso ya de mi vida siento hoy las emociones más intensas al recordar los episodios en que el llorado compañero de mi existencia exteriorizaba su amor á Galicia y á Orense. Cuando redactaba sus versos con ternuras para sus gallegos, para sus vecinos, olvidaba todo motivo de tristeza propia y trasladaba su alma entera á la región de sus sueños y al pueblo donde tuvo cuna y tumba, que le dedica en este día rendido homenaje, colocando su busto en el jardín de Posío, lugar preferido por mi entrañable esposo para los paseos de descanso y tregua en sus constante y penosa labor.

Gratitud eterna conservaré para los señores que constituyen la LIGA DE AMIGOS en este año, iniciadores y fomentadores de este monumento: para las dignísimas autoridades y representaciones de sociedades que supieron con sus presencia dar realce al homenaje: para ilustres publicistas, escritores y periodistas que le tributaron el aplauso de su intelectualidad, y de un modo especial para este pueblo, del cual me considero hija agraciada, y que así recuerda al poeta que tanto le quería, cuya imagen repetirá en el jardín, con el silencio de los espíritus, las estrofas de sus cantares, tal vez concebidos en aquel mismo, y de entre los cuales dedico en su nombre á Orense y á Galicia, como final de esta carta de gratitud, aquél que dice:

Non sei qu'encantamento,  
qu'amor, que poesía  
ten iste chau garrido,  
a terra onde nacín;  
nas alboradas ledas,  
n-as noites e no día  
terás sempre feitizos  
grorias e luz pra min.



Busto de Lamas Carvajal da autoría de Daniel Piñeiro inaugurado en 1918 na cima do Posío, nun lugar escollido pola súa dona, dona Rosina Sánchez.

¡Solo mirando á su pueblo y á su hogar encontraba luz mi muerto querido!...


**ROSINA SÁNCHEZ**  
Viuda de Lamas Carvajal

A revista *Vida Gallega* no seu número 110 de 15 de xullo, fixose eco gráfico da inauguración do monumento e publicou unha foto do monumento no seu emprazamento da parte superior do Posío -lugar escollido por dona Rosina- e no número seguinte, o reproducido retrato de Luís Fernández Xesta.

**IV. O SEU NOME A UNHA RÚA, 1925**

En 1909, o 24 de xullo vaise solicitar o nome de Curros Enríquez para a rúa que hoxe leva o nome de Lamas Carvajal. A acta do concello dese día recolle:

*Valentín L. Carvajal*



Placa da Rúa que lle dá nome desde 1925.

“El Sr. Rodríguez recuerda los homenajes que todas las provincias gallegas han dedicado al malogrado poeta regional Curros Enríquez a los que también cooperó esta corporación y pide que para honrar su memoria de un modo ostensible e imperecedero se dé a la Calle del Instituto el nombre del eximio vate”. Nesta mesma sesión outro concelleiro, Sr. Feijoo Rivera solicita tamén para Lamas Carvajal outra rúa da cidade. O alcalde lembra os problemas legais que hai para a modificación dos nomes das rúas e desvíao á comisión de xardíns e rotulacións quen non debeu considerar o tema de forma positiva porque seis anos despois, insístese perante a corporación municipal na súa conveniencia.

Segundo información proporcionada polo Sr. Alfonso Carballo Rey, no seu artigo do 31 de maio de 1918 n’ *O Tío Marcos d'a Portela*, o concelleiro, Sr. Arturo Fernández Magdalena, insistira no a no 1915 sobre o tema, pero, polo que parece, tampouco con demasiado éxito, pois haberá que agardar outros oito anos a que se vexan bautizadas rúas cos nomes de entrambos vates ourensáns, aproveitando para o mesmo un acto no que tamén se lle impón nome á actual Avenida da Habana, a requirimento dos galegos alá emigrando.

En xuño de 1925, o industrial don Manuel Malingre Ludeña, dono da fundición que leva o seu apellido belga e casado cunha filla do poeta, envía unha carta ó concello “en la que participa que habiéndose acordado honrar la memoria del insigne vate Lamas Carvajal dando su nombre a la calle del

*Instituto... y de acuerdo con lo tratado verbalmente con la Alcaldía habían quedado colocadas en las entradas de la referida vía dos lápidas fundidas en bronce con el nombre de la calle y el busto del poeta, obra de los talleres del oficiante que además ofrece gratuitamente a la corporación”, segundo se recolle textualmente nas actas.*

Así tamén o oito de xuño de 1925 o pleno do concello “*A propuesta del Sr. Añel se acordó asistir corporativamente a la procesión cívica que se celebrará para la colocación y descubrimiento de las lápidas que darán los nombres a dos calles de la ciudad de los insignes vates orensanos Lamas Carvajal y Curros Enríquez, y el de Avenida de la Habana a otra nueva vía*”.

Os actos levados a cabo a tal fin, o día 16 de xuño de 1925, están contados polo miúdo no xornal *La Región* do día 18 de xuño de 1925, que seguimos.

Ese día, nun acto “*solemne, conmovedor e extraordinariamente concurrido*”, formouse unha comitiva coas autoridades todas -estamos na época da Ditadura de Primo de Rivera- e as forzas sociais e culturais na Praza Maior. Trasladáronse logo, coa banda de música diante, ao cruzamento da hoxe Av. da Habana e Curros Enríquez. Alí o alcade Sr. Bobillo “*levantó las banderas que cubrían los rótulos, tocando a continuación la música los himnos cubano y gallego que fueron muy aplaudidos*”. Despois, o Sr. Alfonso Carballo pronunciou un reivindicativo discurso sobre a figura de Curros, para a continuación dirixirse a comitiva toda pola rúa do Paseo -daquela Vicente Pérez e Paz Núvoa- “*basta el cruce de esta con la de San Miguel, en cuya esquina estaba colocada la lápida que da el nombre de Lamas Carvajal a la del Instituto*”.

Certamente o nome de “Calle del Instituto” que levaba a antiga Rúa Nova estaba obsoleto, pois a presenza do instituto de ensino secundario no antigo seminario de San Fernando só fora entre a década dos corenta

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



A rúa que leva o nome de Valentín Lamas Carvajal.

e dos noventa do século XIX, en que se edificou o chamado hoxe IES Otero Pedrayo, nas veciñanzas do Xardín do Posío. Pero sigamos co desenvolvemento dos actos nesa esquina Lamas Carvajal

- San Miguel, onde estaba pois, unha das dúas placas fundidas por Malingre en homenaxe do seu sogro, hoxe desaparecida.

Allí dirigidos por el director de la música municipal, Sr. Bragado, cantaron juntos el Himno gallego los coros "De Ruada" y "Os Enxebres" que despertaron el entusiasmo del público.

Descubierta la lápida por el alcalde, hizo uso de la palabra nuestro director D. Marcial Ginzo Soto, en nombre de la Asociación de la Prensa quien puso de relieve la extraordinaria significación de aquel acto en honor del gran poeta orensano, precisamente en días de cruel materialismo, cuando parece que todas las idealidades han sucumbido ante el grosero egoísmo de la humanidad.

Añade que no elogia los méritos del poeta Lamas Carvajal, porque no lo necesita quien ha hecho sus versos encarnación del espíritu y de las virtudes raciales, cuyo nombre, al ser evocado, levantaba en masa a todo un pueblo para rendirle un homenaje que demuestra cuán profundo palpita en Orense el amor a su tierra y a sus hombres.

Al acto del descubrimiento de ambas lápidas asistieron la señora viuda de Lamas Carvajal Doña Rosina Sánchez, sus nietos y su hijo político D. Manuel Malingre.

También asistió la ilustre poetisa Doña Filomena Dato Muruais a la que acompañaban las señoritas Blanca Calvo y María Amor, quienes por ser concejales, formaban en la Corporación Municipal.

Descubierta la lápida a Lamas Carvajal, la manifestación continuó por las calles del Progreso y Pereira hasta la Plaza Mayor donde los coros gallegos entonaron varios cantos regionales.



*El acto de anteayer por su espontaneidad revela la cultura del pueblo orensano y la nobleza de sus sentimientos.*

Desde Madrid, o presidente do Centro de Galicia, Basilio Álvarez -quen indirectamente tanto lle debe a Lamas por ter botado os alicerces da sensibilidade agrarista- felicita á corporación por partida dobre, polos nomes de Curros e Lamas, e pola lembranza á capital cubana.

## V. OS ACTOS DO CENTENARIO DO NACIMENTO, 1949

Con motivo do centenario do nacemento do poeta, vanse celebrar numerosos actos en Galicia e na emigración, principalmente en Ourense e Buenos Aires. Os actos da cidade natal, estarán fondamente condicionados polas circunstancias políticas da época. A guerra había dez anos que rematara, pero a paz definitiva era difícil. Os días 18 de marzo e seguintes deste 1949 Ourense resultaba convulsionado por unhas das últimas accións da guerrilla na propia cidade a resultas da cal son capturados Manuel Novoa, Camilo Dios, Antonio López e morre o xefe do grupo, o ferrolán Saavedra, cando estaba



sendo bombardeada a casa onde se refuxiara nas proximidades do Cuartel de San Francisco.

As minorías culturais galeguistas do interior e -tamén do exterior, como coñecemos polas cartas de Castelao- queríanse desmarcar desta opción de resistencia armada, que consideraban absolutamente inviable. Trataban os do interior, de xogar ao posibilismo dentro do novo marco estabilizado. Lembremos as colaboracións aparecidas ao redor do xornal compostelán "La Noche", desde 1947, ano do primeiro libro de poesía da posguerra, *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, e ano do comezo das emisións culturais da BBC de Londres en galego. Lembremos tamén que neste ano centenario de 1949, nace a colección *Benito Soto* de poesía en Pontevedra, *Xistral* en Lugo, *Monterrey* en Vigo, e que se están poñendo os chanzos para a fundación da editorial *Galaxia* e que nacerá tamén *Bibliófilos Gallegos*. Lembremos tamén que Otero, ocupa de novo a súa cátedra do instituto, desde setembro de 1948, despois, seica, dos bos informes do embaixador sobre a súa viaxe a Buenos Aires en 1947. Superada a primeira fase da posguerra, están en vías de retomar o traballo cultural que proxeclarán organicamente desde 1950 a través de Galaxia. Cremos que o éxito desta xornada de exaltación de Valentín Lamas Carvajal debeu contribuír a afirmar na conciencia de algúns que este tipo de traballo era posible, conveniente, útil e necesario.

Os actos de Ourense pasaron á historia cultural recente por seren o lugar onde por primeira vez se utilizou o galego nun acto público e diante de autoridades despois da guerra civil, e polas repercusións isto tivo. Carlos Casares na súa biografía de Otero primeiro, Xesús Alonso Montero na prensa despois e Xoán Manuel Salgado, nun artigo monográfico, por último, falaron do incidente que mesmo relata o propio Otero Pedrayo nunha carta exhumada, parcialmente, por Xesús Alonso Montero, onde o patriarca lle conta a Manuel Casás, presidente da Real Academia Galega, o desenvolvemento do acto:

*Por la tarde hablé en gallego ante el nuevo monumento en el Posío. El gobernador y el Ayuntamiento falangista tascaban el freno. Era de perro de presa con carranca la cara del pretor. Para resarcirse, al final inoportunamente y con*

*sorpresa de la gente sensata cantaron "Cara al sol" y dieron los gritos. En fin, todos quedamos en lo nuestro.*

Para a valoración destas palabras no seu contexto preciso e sobre o desenvolvemento dos actos naquela altura, temos a información de prensa local (*La Región*, que tivo un destacado papel na organización destes e da maioria dos actos de memoria ao poeta) e un opúsculo de cincuenta e unha páxinas, titulado *Centenario de Lamas Carvajal. Memoria de los trabajos preliminares y actos conmemorativos por el secretario de la comisión D. Alfonso Vázquez Martínez*, publicado en Ourense en 1951 na imprenta e papelería Otero. Curiosamente, moitas das informacions da prensa e das referencias dos actos no libriño de Vázquez Martínez coinciden case exactamente na redacción, como se fosen crónicas mandadas polo propio secretario da Comisión á prensa, pero outras, sobre todo a relación final dos actos do día 11, sepáranse bastante, dunha forma significativa e que non cremos casual.

Pola súa banda, os actos celebrados en Buenos Aires, supuxeron un intento de celebración "libre" non condicionado polas circunstancias políticas de España, pero no fondo, foron bastante semellantes e mesmo se produciron coincidencias entrambos. Senllas inauguracións de bustos, senllos concursos literarios, senllos ciclos de conferencias, senllos actos en teatros, senllos premios desertos... Para a información dos actos de Buenos Aires, son claves os xornais *Opinión Gallega*, órgano do Centro Orensano -promotor dos actos- e *A Nosa Terra*, voceiro dos galeguistas nucleados tamén, ao redor da Irmandade Galega e do Centro Orensano.

## 1) ACTOS EN OURENSE


O trinta de xaneiro de 1949 reúnense no Liceo de Ourense un grupo e persoas que serán as promotoras da Comisión "Pro Centenario de Valentín Lamas Carvajal". Eran elas, José Fernández Gallego, Delegado de Educación Popular e inspector de ensino, Juan Saco Maureso, Director do Instituto Nacional de Enseñanza Media, Joaquín Saura Falomir, catedrático de lingua e



literatura españolas que representaba á “Agrupación Posío, arte y letras”, José Rodríguez García, concelleiro, en representación do Concello, Daniel González, en representación da Coral de Ruada, Isidoro Gude, en representación de *La Región*, Alfonso Carballo Rey, avogado -e que xa estivera na comisión do ano 1918-, Constantino Añel, Antonio García Novoa e Alfonso Vázquez Martínez, galeguista que fora membro do SEG, e que exercía daquela como catedrático de Historia no Instituto da cidade.

Nas reunións seguintes, para formalizar oficialmente a Comisión, incluíronse nominalmente os cargos políticos (Eduardo Valencia, presidente por ser alcalde; Arturo Pérez Serantes, vicepresidente, por ser presidente da Deputación), integráronse como familiares dous netos do autor (Manuel e Arturo Malingre Lamas), ao tempo que inclúían os presidentes das sociedades locais “El Club”, Liceo Recreo Orensano e a Cámara de Comercio -como por certo xa se fixera en 1918- e se recadaba a colaboración dos ourensáns emigrados. En concreto enviáronse cartas a Centro Gallego e Centro Orensano de Buenos Aires; Centro Gallego de Montevideo, Centro Gallego e Unión Orensana da Habana, Casa de España en Nova York, e Centros Gallegos de Madrid e Barcelona. O texto, segundo o reproducido por Vázquez Martínez, sinalaba que *“nuestros hermanos que por avatares de la vida se encuentran lejos de nosotros en tierras hijas de la Madre Patria, y unidos societariamente para mantener vivo el sagrado latir del amor a Galicia, no pueden permanecer al margen de tal fecha histórica y queremos que ese día late al unísono el corazón de los gallegos que viven bajo su hermoso cielo, y los que viven con el recuerdo perenne del mismo, honrando con idéntico entusiasmo a sus grandes hombres”*.

A resposta foi, loxicamente, desigual. O Centro Gallego de Buenos Aires, en pleno proceso de normalización de relacións coa embaixada española -o



*Intervención de Otero Pedrayo no acto de homenaxe a Valentín Lamas no Teatro Avenida, o 11 de novembro de 1949.*

que lle supón numerosas acusacións de traizón por parte dos elementos más politizados da colectividade- contesta entusiasmado e envía 1.000 pesetas como dotación para un premio do concurso literario que se organizará en Ourense.

A Unión Orensana da Habana, crea, xunto co Centro Gallego, unha comisión *ad hoc* para remitir axuda aos actos de Ourense, enviando, en breve, 5.735 pesetas; a metade das dúas sociedades e a outra metade de achegas particulares.

Os demais non contestaron. Especialmente significativa é a ausencia de colaboración explícita do Centro Orensano de Buenos Aires, dominado daquela polos galeguistas, demócratas e republicanos da Irmandade Galega e preocupados sobre todo, pola saúde do seu dirixinte Castelao, que estaba nos últimos meses da súa longa enfermidade.

Tamén se solicitou a colaboración da administración -Concello e Deputación- e doutros organismos como o Instituto Nacional de Enseñanza Media, a sociedade “El Club”, o Liceo e a Cámara de Comercio, e respondieron todos afirmativamente con diversas cantidades.

Unha Comisión estudou logo a celebración dun certame literario, e encargouse aos señores Fernández Gallego y Vázquez Martínez a súa concreción.



Tamén se acordou a elaboración por parte dos talleres Malingre dunha placa destinada á fachada de *La Región*, na antiga Rúa de Alba, no mesmo lugar onde se editara "El Eco" no que tanto traballara Lamas, e vivenda do propio autor.

En agosto de 1949 acordouse tamén a realización dun monumento que viñese substituír ao busto de Piñeiro de 1918, considerado escaso e pobre xa desde o momento, e que consistiría nun grupo escultórico formado por dúas figuras de granito representando unha "Moza Gallega" e o "Tío Marcos d'a Portela", que labraría Antonio Failde Gago, a integrar nun conxunto arquitectónico proxectado polos Srs. Rodriguez Sanz -arquitecto municipal- y Alejandro Rodríguez Veiras -aparellador municipal- e que estaría coroadado polo busto de ao escultor ourensán Pascual fundido por Malingre e que se encontraba xa depositado no Concello de Ourense desde había anos.

O certame literario, publicitado na prensa e radio, tiña os seguintes temas e premios:

Primeiro premio, 5.000 pesetas, *Estudio bio-bibliográfico del poeta V.Lamas Carvajal*

Segundo premio, 1.000 pesetas, *Influencia de Lamas Carvajal en la literatura gallega.*

Terceiro premio, 1.000 pesetas, *Carvajal como periodista.*

Cuarto premio, 1.000 pesetas, *Carvajal visto por la crítica literaria*

Quinto e sexto premios, 500 pesetas cada un, aos dous mellores artigos publicados na prensa rexional o mes de agosto, que estude ao poeta, Lamas Carvajal.

Séptimo premio, 500 pesetas, *Vida económica de Orense en los últimos cincuenta años.*

Os premios entregáranse o día 11 de novembro de 1949 nunha velada literaria a celebrar no teatro Avenida de Ourense, para a cal a comisión convidou ao Ministro de Educación a que presidise o acto ou delegase no ourensán Eugenio Montes, á sazón Director do Instituto Español en Lisboa. (O ministro, tal vez estrañado porque mesmo lle propuxeran substituto, mandou un telegrama e delegou no gobernado civil). O xurado estivo integrado

por Juan Saco Maureso, Florentino López Alonso Cuevillas, Vicente Risco, Jesús Ferro Couselo, Joaquín Saura Falomir, e Alfonso Vázquez Martínez, que entenderon dos premios literarios e históricos, e polos xornalistas de *La Región* Isidoro Guede, Julio Gimeno e Alejandro López Outeiriño que se encargaron dos quinto e sexto, premios a artigos aparecidos en xornais.

A comisión acordou tamén organizar os actos o día 11 de novembro -por ser o día de San Martiño- e convidar a Otero Pedrayo para o descubrimento do novo monumento, e ao sr. Alfonso Carballo Rey para o descubrimento da placa de *La Región*.

Concretado o ciclo de conferencias, convidaron orixinalmente aos seguintes señores: Armando Cotarelo Valledor, José Filgueira Valverde, Aquilino Iglesia Alvariño, José Luís Varela, Dionisio Gamallo Fierros. Porén, Cotarelo, Iglesia e Varela, non pudieron concorrer aos actos por circunstancias persoais e foron substituídos por Celso Emilio Ferreiro e José Luís López Cid.

En definitiva, os actos, tal e como se celebraron, foron os seguintes:

Día 3 de novembro, ás 11 misa na Trindade.

Día 6, descubrimento da placa no edificio de *La Región*. Falou Alfonso Carballo Rey, quen o debeu facer no próximo Teatro Losada pola chuvia que caía.

Día 7. Ramón Otero Pedrayo abre, no paraninfo do Instituto, o ciclo de conferencias presentando ao académico José Fernando Filgueira Valverde quen diserta sobre "La lírica gallega en el siglo XIX". Na mesa, Eduardo Valencia, alcalde; Rosina Lamas, filla do autor; e o director do Instituto.

Polo dito en *La Región* ao día seguinte, intuímos que a presentación de Otero serviu para que o público ourensán lle tributase unha clara homenaxe de simpatía que, dalgún xeito, era tamén unha difusa homenaxe ao galeguismo co que se intuía ía falar. Di textualmente:

*Hizo la presentación del conferenciante, don Ramón Otero Pedrayo que, al levantarse a hablar, fué acogido con una ovación que duró largo rato. Hecho el silencio el señor*

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



*Inauguración do monumento a Lamas Carvajal no Posío, a tarde do 11 de novembro de 1949 na esquina sudoeste. No uso da palabra, Alfonso Vázquez Martínez, entregando ao concello o monumento de Pascual (busto) Failde (figuras) e Veiras (deseño do conxunto).*



Otero Pedrayo, con frases bellísimas, de una emoción que contagió al auditorio, presentó al señor Filgueira Valverde, destacando la magnífica obra que viene realizando en sus trabajos de investigación.

Los aplausos dedicados a la estupenda presentación se fundieron con los que acogían al conferenciante, quien comienza diciendo que el azoramiento que le produce el hablar después de la magnífica página oratoria de Otero Pedrayo, el alzar su voz de discípulo en esta sala donde vibra aún el eco de tantas palabras magistrales, lo da por compensado con el placer de haberle escuchado y de verse aquí, entre este público y en este ambiente cordial de Orense, pueblo de dos grandes virtudes: la fidelidad al magisterio de sus hombres sobresalientes que ha tenido la fortuna de ver siempre ininterrumpido porque Orense tiene siempre hombres para todos los momentos y la exquisita cordialidad de que siempre da muestras evidentes...

Día 8. Vicente Risco presenta a Celso Emilio Ferreiro, no Liceo de Ourense; falará sobre "Apuntes para una biografía de Curros Enríquez", de quen xa estaba a preparar a biografía.

Día 9. José Luís López Cid fala sobre "El poeta Bravo de Velasco, canónigo orensano",

Día 10. Alfonso Vázquez Martínez, presenta a Dionisio Gamallo Fierros quen falará sobre "La gaita y el gaitero en la poesía de Lamas Carvajal".

Día 11. Atención especial da prensa. *Faro de Vigo* publica un extra dedicado a San Martiño e a Lamas. *El Pueblo Gallego*, *Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *La Noche*, *El Correo Gallego*, *El Progreso* e *La Región*, publican multitud de artigos, de Risco, Cuevillas, etc. e entre eles, en gallego, "Cen anos xa" de José Díaz Jácome, e "Coitas de emigración de Lamas Carvajal" de Enrique Chao Espina.

Os actos festivos na cidade do día 11 de novembro comezan co pasarrúas dos gaiteiros de Entrimo e dos do Rexemento Zamora 8 actuando xuntos "con melodías gallegas que dejaron oír sus sones en las principales calles y plazas".

O acto do Teatro Avenida comezou ás doce horas cun escenario cheo de autoridades (gobernador civil, Sr. Vicente Muñoz Calero; alcalde, Eduardo Valencia; Presidente da deputación, Sr. Arturo Pérez Serantes, etc. Comezou o acto coa lectura resumida da memoria da Comisión Organizadora da Homenaxe lida polo secretario, o galeguista Afonso Vázquez Martínez quen fixo unha peza de claro compromiso coa historia como se deixá de ver na escolma da súa palabra recollida na memoria por el publicada:

*Valentín L. Carvajal*



*Nova localización  
do monumento a Lamas  
no Posío, na esquina  
noroeste.*

*en esclarecidos nombres, que  
son gloria y honra del pueblo  
que los vio nacer.*

Porén, a prensa do día 12, salienta a parte más oficialista e insulsa das súas palabras

*El acto comenzó con la lectura por el Sr. Vázquez Martínez, como secretario general de la Comisión organizadora del centenario, de la memoria de lo realizado. Destaca en ella la labor llevada a cabo, la colaboración prestada por el Ayuntamiento, Diputación y entidades diversas así como los Centros gallegos de la Habana y Buenos Aires y el Centro Gallego de Madrid, quien organizó una velada por radio, que resultó magnífica.*

A continuación procédese á lectura das actas dos xurados dos concursos convocados ao efecto con resultados ben curiosos, para os nosos días.



*Busto do escultor Pascual*



*Detalle central do conxunto  
escultórico do Xardín do Posío*

Orense vive estos días horas de honda espiritualidad. Orense es un pueblo que pese a las circunstancias duras y difíciles de los momentos presentes no olvida su tradición espiritual, su raigambre de vida cultural, su preocupación por el cultivo de las ciencias y de las letras, y enaltece las figuras insignes de sus hombres, recordándoles por calles y plazas a todas las generaciones, con lápidas conmemorativas y actos de recordación y monumentos tallados, ya en el duro granito, ya fundidos en el duro bronce, y en todas las épocas, en esta ciudad, tierra en que las ciencias del espíritu dominaron

O primeiro premio, de cinco mil pesetas, ao estudo bio-bibliográfico sobre Lamas Carvajal, vai recaer, nin máis nin menos, no promotor da Comisión Organizadora dos actos, o inspector de ensino e Delegado de Educación, don José Fernández Gallego quen se presenta co lema "Primus et summus poeta Deus". No seu descargo diremos que, non embargantes a súa posición, a súa é, indubi-

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



dablemente, a máis completa e documentada biografía de Lamas ata o momento presente. Pola súa calidade, o xurado outorgalle un accésit de 2.500 pesetas a outro traballo do profesor Gamallo Fierros -baixo o lema "Olor de la tierra"-, quen o día anterior pronunciara unha aplaudida conferencia, convidado pola comisión organizadora, sobre a gaita e o gaiteiro en Lamas.

A maioría dos outros premios foron un fiasco. Non houbo presentados ao premio 2º (Influencia de Lamas Carvajal en la literatura gallega), nin ao 3º (Lamas Carvajal como periodista), nin ao 7º (Vida económica en Orense en los últimos cincuenta años). Presentouse un só traballo ao premio 4º (1000 pesetas, Lamas Carvajal visto por la crítica literaria) que recibiu, non o premio, pero si un accesit de 750 pesetas, para o seu autor, Francisco Fernández del Riego, que utilizou o pseudónimo de Salvador Lorenzana.

Os premios 5º e 6º, (500 pesetas) decididos polos xornalistas Isidoro Guede, Julio V. Gimeno y Alejandro L. Outeiriño, foron outorgados a Carlos Rivero e José Luís López Cid, polos seus artigos en *La Región* titulados "Los humildes en la poesía de Lamas Carvajal" y "Las imágenes en la poesía de Lamas Carvajal", respectivamente. Houbo un accésit de 300 pesetas para o traballo "Sentido y elocuencia de la obra de Lamas Carvajal" de Celso Collazo de Vigo.

A seguir, logo da lectura das actas, falou Otero Pedrayo, e incluso na prensa se deixou ver unha crítica ao estilo oratorio de Otero, quen actuaba en substitución de Manuel Casás, presidente da Real Academia Galega que non pode, por razóns de saúde, asistir ao acto.

*La pieza oratoria del Sr. Otero Pedrayo es difícilísima de seguir, no obstante la vigilante atención del cronista. Como siempre ocurre con él, una cascada de imágenes, de bellas frases engarzadas a lo largo de la disertación dificultan seguir rectamente la línea del discurso.*

As palabras de Otero no mesmo acto son lembradas de forma moi distinta polo seu amigo Vázquez Martínez

*El Dr. Otero Pedrayo, con su acostumbrada oratoria, plena de erudición, ciencia y magnífica dicción, clara exposición y profundidad de estudio, desarrolla magistralmente todo el proceso histórico y literario de Galicia, con preferencia los últimos tiempos, haciendo paralelos con las grandes figuras, no sólo nacionales, sino universales.*

...

*Todo el desarrollo del este brillante discurso fué un continuado canto lírico al paisaje, al hombre, a Galicia, a las grandes figuras gallegas de talla universal, con un derroche de conocimientos profundo, con el ropaje de bellas imágenes literarias.*

Máis alá das valoracións que se deixan ver do discurso, está a identidade de actos relatados. En ambas fontes, indícasenos:

*Se pregunta –Otero– qué es lo que puede hacer en este momento en homenaje del poeta Lamas Carvajal. Quizá –dice– sería mejor el silencio, la oración, la ofrenda de rosas. Pero hemos de recordarle. Y a Lamas Carvajal no puede recordársele solo, hay que poner a su lado formando parte del cortejo de iluminados a Nicomedes Pastor Díaz, a Pondal, a Rosalía de Castro, a Curros Enríquez...*

Aquí, segundo o relatado a Carlos Casares por un compoñente da Comisión -Isidoro Guede- e por outro asistente ao acto -Leuter Salgado-, Otero incluiu a Castelao na nómina do "cortejo de iluminados", o que seica non sentaría ben ás autoridades presentes no acto.

O acto da mañá remata coa actuación da Coral de Ruada baixo a dirección de D. Daniel González Rodríguez, que interpretou as pezas populares "Foliada de Cortegada, Alalá de Randín, Pandeirada de Pardreda, e Foliada de Amoeiro, e como música polifónica, "Os teus ollos" de J.Castro Chané, "Cantiga de Pontevedra" de P. Luís Mª Fernández e "Canto de berce" do propio director da Coral.

O polémico acto do Posío pola tarde reuniu de novo ás autoridades, gobernador, presidente da Deputación, Delegado de Traballo, de Educación Popular -e gañador do primeiro premio- Delgado da Asociación iniciadora da Real Academia Gallega da Habana, Sr. Enrique Silva Uzal, dona Rosina Lamas, filla do poeta, e corporación municipal baixo mazas.



O monumento, realizado por Antonio Failde Gago, integra o busto de Pascual fundido en Malingre había anos, e que estivera depositado no concello e pola mañá estivera en lugar destacado no Teatro Avenida. A composición situada na parte suroccidental do Xardín, no lugar coñecido como "A rosaleda", foi entregada por Alfonso Vázquez Martínez, como secretario da comisión, ás autoridades municipais, cunhas palabras que finalizaron:

*Reciba, pues, Orense, por mi pobre decir, este monumento que la Comisión organizadora entrega a la ciudad en la persona de su dignísimo alcalde, y sean estas piedras de duro granito, arrancadas del campo gallego que tanto amó el poeta, testigos perennes de cómo Orense, fiel a su traición e historia y mantenedor de una recia y firme espiritualidad, lega a la posteridad, una prueba firme como el granito, de cómo se enaltecen las figuras de sus ilustres y esclarecidos hijos.*

A prensa recolle o primeiro discurso en galego de Otero desde a fin da guerra con estas palabras:

*Seguidamente habla don Ramón Otero Pedrayo que lo hace en gallego. Comienza haciendo una evocación preciosa del día de San Martín, en que este homenaje se celebra. De este día de San Martín que surge entre el vino y las castañas: que está iluminado por el toque jubiloso de las campanas de la Catedral.*

*Por este jardín, donde ahora se levante el monumento, paseó Lamas Carvajal sus oscuras soledades: en este jardín, que es hogar ciudadano, de los niños y de los viejos; donde se enfrentan con las primeras ideas los adolescentes y los viejos filosofan instrumentando elegías de despedidas y recuerdos. Lamas amó este jardín, como amó la lengua gallega, lengua noble en que el Rey Sabio cantó a Nuestra Señora. Muchas cosas, aun las más sólidamente afincadas, ("afirmadas" di Vázquez Martínez), pasan y desaparecen con el tiempo; pero la poesía gallega vive y perdura a través de los vates que han dado valor universal a la lírica de nuestra tierra.*

*Piedra de Galicia y bronce eterno, en este monumento queda la expresión de gratitud de un pueblo. Felicitamos a sus autores, que han realizado esas dos figuras simbólicas del Tío Marcos y la Rapaza.*

Logo o alcalde, o Sr. Eduardo Valencia, dirixe unhas sensatas palabras de agradecemento á filla de Lamas, Rosina, aos organismos oficiais, aos conferenciantes e á comisión organizadora, e destaca especialmente o traballo do seu amigo Failde -a quen visitaba a

miúdo no seu taller durante a realización das figurases dos señores Veiras -polo monumento- e Vázquez Martínez, pola organización dos actos.

Despois da recepción do monumento por parte do alcalde, prodúcese o incidente de que fala Otero na carta a Casás. Porén, a prensa, pasa case cómicaamente por riba do mesmo:

*La Banda Municipal interpretó los Himnos del Movimiento y Nacional y seguidamente actuó el coro "Os enxebres da Troya" que interpretó varias canciones muy aplaudidas. Tres parejas bailaron, sucesivamente, la muiñeira, y nuevamente interviene el coro, que cosecha nuevas ovaciones ("con sus cantos y alalás", engade Vázquez Martínez).*

*Terminada esta actuación, las autoridades abandonan el jardín, dándose por terminados los actos.*

Así pois, cremos que o feito de que o gobernador, Sr. Vicente Muñoz Calero, fixese que se tocase o Cara al Sol "y se diesen los gritos" como sinalou Otero, foi simplemente unha mostra de rabia e impotencia, un ridículo buscado pola man, ante uns actos capitalizados pola sensatez e aquel galeguismo posibilista e señorito que representaría a persoas destacadas intelectualmente na sociedade ourensá desde o ensino, investigación, literatura, arte, etc. (Otero, Risco, Cuevillas, Ferro Couselo, Vázquez Martínez, Failde Gago, etc. e incluso desde o mundo societario do Liceo, el Club...) e mesmo desde as proximidades ao exercicio dun poder nas administracións que ía afrouxando os compromisos políticos máis duros (Filgueira Valverde, Fernández Gallego, Eduardo Valencia...). Os galeguistas, sen dúbida, gañaran. Fixeran o acto que querían, con ampla repercusión popular, integrando a moitas sensibilidades, integrando á maioría da sociedade civil, e sen que o Movimiento ou a Falanxe aparecesen por ningún lado. Só no ridículo final.

O propio Vázquez Martínez, segue dando a información posterior do acto, xa despois da marcha das autoridades enfadadas, -do gobernador, sobre todo-, nesta liña de éxito popular da convocatoria.

*El numerosísimo público que llenaba ampliamente los Jardines del Posío se asoció con alegría y entusiasmo a todos los actos con alto espíritu y fina sensibilidad. En el marco del*

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



*Maruxa Boga e Fernando Iglesias "Tacholas" recitando o poema costumista "O atallo" no acto de inauguración do busto de Lamas Carvajal, obra de Domingo Mazas, o día 31 de outubro de 1949 no Centro Ourensán de Buenos Aires.*



Posío se escuchó durante la tarde un magnífico concierto de la Banda Municipal de Orense que, dirigida por su competente Director Sr. Iglesias Bragado, interpretó exclusivamente música gallega de modo muy acertado y los gaiteros de Entrimo y las gaitas del Regimiento tocaron alegres muiñeras y ribeiranas que se bailaron en la explanada del paseo central del Posío.

Los montes y proximidades del jardín presentaban un animado aspecto con los clásicos "magostos" que se autorizó a celebrarlos en los alrededores, así como los que tradicionalmente se celebran en los cercanos parajes de Piñor, Montealegre, Ervedelo, Rairo, etc., dando una nota alegre de tradición, no obstante, como dice Pato Movilla en su artículo "El Magosto" publicado en el extraordinario del "Faro de Vigo" se va perdiendo mucho el mito del castaño. A los pies de la cruz de Montealegre, junto al pino y al "morogo" anidan las nostalgias".

## 2) OS ACTOS DE BUENOS AIRES

### a) Unha convocatoria unitaria

A principios de 1949 a Comisión do centenario de Ourense, reclama dos centros ourensáns e galegos de América a atención ao seu proxecto de home-naxe. Pero dita comisión non estaba moi ao tanto do tema pois na memoria publicada de Vázquez Martínez chégase a incluír na enumeración de colaboracións solicitadas "El Centro Gallego de

Buenos Aires, el Centro Orensano, filial de aquel, en la misma capital", o que é, como sabemos, radicalmente equívocado, pois non só non é filial senón que ten unha historia totalmente diversa. O Centro Gallego é unha mutua sanitaria e asistencial, principalmente, e proclama unha permanente neutralidade política, o que non quere decir que non se posicione en favor da democracia, autonomía, etc. O outro, o Centro Orensano foi, sobre todo, un centro recreativo, social e cultural, que promoveu a integración de entidades locais ourensáns antes de desaparecer en 1979 integrado á súa vez, no Centro Galicia, fusión dos provinciais. Naquela altura de 1949, o Centro Orensano era fondamente galeguista, "refuxio" do Consello de Galicia, Irmandade Galega e de todo o grupo de Castelao mentres que as agrupacións dominantes alternativamente no Centro Gallego -"Celta" e "Galicia"- empezaban as súas aproximacións á España oficial coa recepción no Centro a unha representación do cruceiro español "Galicia", xa en 1946, ou más recentemente coa recepción do embaixador no propio Centro, o 31 de decembro de 1948.

O caso é que as autoridades do Centro Gallego que convidaran ao embaixador -da agrupación "Galicia"- colaboran, como dixemos, coa Comisión



de Homenaxe de Ourense co envío de 1000 pese-  
tas para un premio, e o Centro Orensano promove  
outras actividades diferentes xunto con outras aso-  
ciacións da provincia de Ourense e coa colaboración  
doutras entidades locais.

A primeira noticia que temos no xornal *Opinión Gallega* do Centro Orensano está en relación coa comisión ourensá. Así, nun artigo titulado “*Centenario de Lamas Carvajal. Las sociedades orensanas de Bnos. Aires lo celebrarán dignamente*”, indícase, indirectamente, que eles están seguindo o exemplo, pero que tratarán de facer cousas distintas:

*En Orense, su ciudad natal, se ha constituido una Comisión de Homenaje que ha preparado un amplio programa para celebrar su centenario. Se propone erigir un monumento a Lamas Carvajal en los jardines del Posío y anuncia diversos actos de homenaje además de haber organizado un concurso literario con importantes premios.*

#### CELEBRACIÓN EN BUENOS AIRES

*Por iniciativa y a invitación del Centro Orensano de Buenos Aires, se llevó a cabo una reunión de delegados de sociedades orensanas de esta ciudad en la cual, con gran fervor patriótico se acordó hermanarse todas para celebrar dignamente, y con el mayor brillo posible, en centenario de tan ilustre figura orensana.*

*Estuvieron representados en dicha reunión o se adhirieron posteriormente las entidades siguientes: Centro Orensano, Centro Villamarín Perojano, Soc. Pereiro de Aguiar, Soc. Nogueira de Ramuín, Soc. Res. del Ayto. de Maside, Soc. Lobanes y sus contornos, Soc. Hijos del Ayto. de Maside, Centro Ramiranes, Centro Arnoya, Centro Viana-Trives.*

O secretario desta comisión e home forte do Centro Orensano, Rodolfo Prada, reservarase o papel de secretario de actas na mesma. Xa desde esta primeira información da reunión inicial, se establecen as actividades a realizar. Desde a publicación dunha antoloxía do autor -que fará Eduardo Blanco Amor-, a declaración de “Ano de Lamas”, ata o busto de Domingo Mazas que se inaugurará no Centro Orensano, os distintos actos nas sociedades e teatros, ou á organización dun Concurso literario “con un solo tema, a saber: “O pensamento patriótico galego e social-político en Lamas Carvajal”. E a continuación aclárase:

*Con ello se ha querido complementar el concurso literario organizado por la Comisión de Homenaje de Orense, en el cual se advierte la falta de estos fundamentales aspectos de la obra del insigne poeta, omisión que, sin duda, se debe a la triste situación política que mantiene en Galicia el actual régimen totalitario que padece España”.*

Esta “complementariedade” declarada, o ton comprensivo para cos organizadores de Ourense contrasta co editorial de *Opinión Gallega* do día 22 de outubro de 1949, sen dúbida da autoría de Rodolfo Prada que non precisa consensuar nada cos outros membros da comisión interourensá para incluír no seu periódico:

*No 1º de novembro d-iste ano cumplirase o centenario do nacimiento do esgrevio poeta ourensán Valentín Lamas Carvajalo.*

*Pol-a brillante laboura literaria, pol-a reza aición de xornalista posta sempre ao servizo dos intereses do pobo galego, e de maneira especial adicada ao defendemento dos labregos, pol-a limpia e reuta conduta cibdadán e pol-o afervoamento do seu patriotismo galego, Lamas Carvajal é unha das grandeiras figuras da Galiza. Foi un dos “bos e xenerosos” que soupo conquerir o direito a que o seu preclaro nome fique fixado como benemérito da patria galega.*

*O acontecemento chega n-un intre sombrizo pra Galiza. A nosa Terra istá somida nas tebras tépedas d-un dramático amordazamento do seu espíritu, que lle foi imposto a sangue e fogo por unha crudel ditadura que responde á ideoloxía e a intereses que lle son compretamente alleos. As forzas que hoxe amagastran a Galiza, o ambiente que ilas teceron e sosteñen elí pol-a prepotencia, son a antítesis do espíritu refulxente de Lamas Carvajal, constitúen a negazón más crara dos sentimentos e do pesar eispresados nos seus versos e na súa prosa. Il cantou con fé de patriota o nome sagro de Galiza...; e hoxe elí, pra o totalitarismo falanxista, é un crime o ser patriota galego. Il cantou con emozón a nosa fala, ao idioma galego...; e hoxe alí, a escrarecida lingua nosa, a lingua prócer dos Cancioeiros e do Rei Sabio, a lingua refulxente de Rosalía istá abafada e istá proscripta de tuda-las manifestacións culturales que o réximes tolera. Il fixo restalar anatemas alcontra das inxustizas e dos amagastramentos que sofrián os labregos...; e hoxe os campesiños galegos son ouxeto das más alrittantes persecucións e despoxos, que chegan a lle non permitir que coman, a fartar, o que iles colleitan con sagrifizos nas súas propias leiras.*

*Non embargantes, tan forte é o espíritu de Lamas Carvajal, tan lumioso o ronsel que deixou a sua laboura patriótica e social que o despotismo falanxista non pudo oporse a que o centenario do esgrevio escritor sexa celebrando en Ourense, sua cibdá natal. Mais o celebramento faise condicionado, “dirixido”. E pol-o tanto desvirtuado. Non se fai un espallamento dos seus escritos, porque de feito serían ataques ao*

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



réxime imperante. Non se incruen nos teimas do Concurso Literario orgaizado en Ourense, ningún que se refira ao sentimento patriótico galego nin o pensamento social-político do grorioso escritor. E tampouco se lle da ao idioma galego, o posto que lóxicamente lle debe corresponder en todo concurso orgaizado por entidás galegas. Tivo que ser a Galiza ideal e libre de Bos Aires, a que supriña patrióticamente tan tristeira falla. As sociedás ourensáns de Bos Aires, convxuntadas n-unha fermosa irmandade ao redor da señeira persoalidade de Lamas Carvajal, déronse á nobre tarefa de editar un libro con unha escolma da poesía e prosa más sustancial que saiu da súa privilexiada pruma. E orgaizaron un Concurso Literario para traballos en idioma galego sobor o ideario pariótico galego e social-patriótico de Lamas Carvajal. Elo será comprementado con un busto en bronce que fará duraderia a efíxie do poeta nos salóns do Centro Orensano, e con diversos aitos conmemorativos que se farán ao longo do ano do centenario.

Lamas Carvajal é unha das más outas cumes do noso pobo. Pol-o tanto a galeguidade érguese con orgulleza para lle rendir os máisimos honores.

Detrás da retórica da crítica e das verdades obvias como a ausencia de edicións populares da súa obra ou sobre a presenza do galego no concurso ourensán, continúa un certo recoñecemento a unha comisión pro homenaxe que en Ourense, "logra" forzar a celebración do centenario. A isto non debe ser allea a presenza entre os oradores de Ourense de Otero Pedrayo quen había dous anos estivera en Buenos Aires e a quien rendían a amizade compartida de Castelao. Lembremos: *Non embargantes, tan forte é o espíritu de Lamas Carvajal, tan lumioso o ronsel que deixou a sua laboura patriótica e social que o despotismo falanxista non poido oporse a que o centenario do esgrevio escritor sexa celebrando en Ourense, sua cibdá natal.* Aínda que o esta homenaxe, non sería a homenaxe libre da Galicia ideal, senón que o celebramento faise condicionado, "dirixido". E pol-o tanto desvirtuado.

Máis duro áinda, menospreciativo para unha comisión como a de Ourense, na que se encontraban nominalmente os cargos políticos -concello, deputación, etc.- áinda que o peso o levasen xentes alleas ao réximem é o texto d'A Nosa Terra de decembro de 1949 asinado por J.N.B, e reproducido por Salgado que despacha os actos en varias frases moi duras:

"Total: papataradas de "juegos florales" tal é o que se cumple co concurso literario con que conmemoran o seu centenario en Ourense".

...

"Terán que falar do que convén ós seus orgaizadores que se fale, pra que non se vaia a falar do que se ten que falar cando de Lamas Carvajal se trata. ¿Que outra causa iba a discurrir esa comisión integrada por representantes de "las fuerzas vivas" e das institucións oficiais que en Ourense, en Galiza e na Hespaña están gobernadas por reacionarios "imbéciles i-escuros", ademais dos estraperlistas de toda caste, de toda mala caste?

O caso é que con maior ou menor presenza do discurso político nas intervencións dos oradores, vanse organizar unha chea de actos de grande repercusión popular no seo da colectivididade. Cremos que a lembranza áinda viva de Lamas Carvajal, a actividade dos grupos de teatro popular na liña de Prado Lameiro, e a pervivencia de masas corais e grupos de recitadores -como Tacholas- en distintas sociedades, para as que, sen dúbida, os poemas de Lamas son a materia prima más popular, van facilitar este éxito.

A Comisión de Homenaxe bonaerense fixo un "prospecto" que distribuiu entre os interesados e reproduciu varias veces en *Opinión Gallega* e na liña conciliadora e complementarista, mesmo sin as referencias á situación política española que había noutros comunicados. Deste anuncio, entresacamos.

No amplio programa de homenaxes a tan outa groria das letras galegas, incúiese un Concurso Literario en lingua galega, como sigue:

TEIMA ÚNICO: "O pensamento patriótico-galego e político-social en Lamas Carvajal".

Os traballos terán de ser en lingua galega, inéditos e abranguer non menos de 50 cuartelas tamaño carta (27 x 22 cm) escritas por un solo lado, a máquina a e a dous espazos.

A Comisión de Homenaxe a Lamas Carvajal de Buenos Aires, fixou o devandito teima único, sobor tan relevante aspeuto de laboura intelectual de Lamas Carvajal, para millor comprementar o Concurso Literario orgaizado pol-a Comisión de Homenaxe constituída en Ourense (Galiza).

PREMIOS: Fixáronse tres: 1º de 2000 \$, 2º de 1000 \$ e 3º de 500 \$, moeda nacional arxentina.

O prazo de entrega dos traballos ao concurso finalizaría o día 30 de abril de 1950, seguirían as normais



habituals de plicas, segredo, etc. ao tempo que se comprometía a Comisión á súa publicación nunha tiraxe de non máis de 2000 exemplares. Na base terceira sinalábase que “O xurado ficará composto por: dous membros designados polos escritores galegos que moran en Buenos Aires e por tres destinados pola Comisión de Homenaxe a Lamas Carvajal”.

Na fin do anuncio, recolle xa a composición do xurado que entenderá do tema:

*Pra componer o xurado que se establece na base 3º os escritores galegos, en xuntanza feita o 24 do corrente, designaron aos señores Dr. Xosé Núñez Búa e D. Rodolfo Prada. E pola súa parte, a Comisión de Homenaxe desígnou o mesmo día aos señores Dr. Gumersindo Sánchez Guisande, Dr. Ramón Rey Baltar e Dr. Ramón Valenzuela, e como membro suprente a D. Avelino Díaz.*

O substituto, o modesto poeta Avelino Díaz, entrará no lugar do doutor compostelán Sánchez Guisande, á hora da constitución definitiva do xurado, segundo as actas lidas no Centro Orensano.

Lembremos tamén, que ao longo do ano centenario, na revista *Opinión Gallega*, van aparecer á parte das relacións dos actos celebrados, artigos específicos sobre Lamas Carvajal de autores galegos como Fernández del Riego, Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, algunas probablemente elaboradas ex-profeso, pero outras como as das intervencións na BBC de Otero e Cuevillas, reutilizadas.

#### **b) ACTO DO CENTRO VILLAMARÍN PEROJANO, OUTUBRO DE 1949.**

O primeiro dos actos referenciados é o 28 de outubro de 1949 na sede do Centro Villamarín Perojano, na rúa Moreno 3281.

Alí, a Coral Terra Nosa do Centro Orensano de Buenos Aires, baixo a Dirección do Mestre Isidoro. B. Maiztegui, interpretou o Himno e varias cancións galegas de autor e tradicionais. A continuación, Rodolfo Prada pronunciou unha “hermosa y valiente” diserta-

ción sobre o poeta. A conclusión do acto veu da man de Isabel González e Fernando Iglesias “Tacholas” que recitaron composicións poéticas, no primeiro caso, e composicións humorísticas no segundo.

#### **c) ACTO DO CENTRO ORENSANO, OUTUBRO DE 1949**

O segundo acto habíase celebrar tres días despois, o 31 de outubro, na sede do Centro Orensano, na avenida Belgrano, xusto en fronte do Centro Gallego, e tería como xustificación a inauguración do busto de Lamas Carvajal feito polo escultor Domingo Mazas, e que na actualidade se encontra na sede do Centro Galicia de Buenos Aires.

Segundo a crónica do xornal “Opinión Gallega”, que reproduce íntegro o discurso en galego de Rodolfo Prada,

*El 31 de octubre en horas de la noche, tuvo lugar este magnífico acto. La casa engalanada como para los grandes acontecimientos recibió un público selecto muy superior a la capacidad del salón donde se desarrolló el acto principal. Merece destacarse la ornamentación del palco de homenaje, donde se había formado una gradería sobre la cual y presidiéndolo se encontraba el busto en bronce de Lamas Carvajal a descubrir, rodeado por las banderas Gallega y argentina, enlazadas entre si y armonizando sus hermosos colores como armonizan sus pueblos, tan identificados uno con otro. Flores, plantas y luces daban un aspecto de amable seriedad que invitaba al recogimiento. Formando una guardia de grandes orensanos, en los extremos del estrado se encontraban los bustos de Alejandro Bóveda y Curros Enríquez, como dando la bienvenida a este otro grande de Orense y de Galicia que es Lamas Carvajal. La Coral “Terra Nosa”, conjunto del que puede sentirse orgulloso el Centro Orensano formaba guardia de honor, correspondiéndole a uno de sus coristas el honor de iniciar el acto, con breves y emocionadas palabras dichas en idioma gallego para invitar al Sr. Antonio Rodríguez, presidente del Centro Orensano de Buenos Aires, a que descubriera el busto de Lamas Carvajal. Con sencilla emoción se cumplió esta ceremonia, que dejó descubierta una obra magnífica del gran escultor gallego D. Domingo Maza, y que merece un comentario en otra parte de este número. De inmediato, la Coral interpretó el Himno Gallego de Pondal y Veiga con ese acierto que ya le es característico a esta magnífica agrupación que honra a la canción gallega en este país y que mereció del auditorio puesto de pie, una vibrante ovación.*

*Ocupó luego la tribuna el señor Rodolfo Prada, Secretario cultural del Centro Orensano y cuyo discurso publicamos*



íntegro en esta misma página, el que fué muchas veces interrumpido por los aplausos del auditorio, en gran parte de pié por haberse superado en mucho la capacidad del salón y fué ovacionado al finalizar.

Las poesías de Lamas Carvajal encontraron en la cálida y hermosa voz de la Directora de la Audición Recordando a Galicia, Maruja Boga, el timbre y el fuego interior necesario para expresar con alta jerarquía del pensamiento político y patriótico del gran poeta. Luego, y con la colaboración del primer actor gallego Sr. Fernando Iglesias, interpretaron un diálogo festivo de Lamas Carvajal titulado "O Atallo", para finalizar la parte literaria con la lectura de fragmentos "Do Catecismo do Labrego" leídos por el Sr. Iglesias con la colaboración de un corista.

El público gustó esta parte en grado sumo y lo demostró con su aplauso espontáneo en cada una de sus partes.


Cúpole a la Coral "Terra Nosa" el cierre del acto y lo hizo con una calidad y un ajuste digno del mismo. Se interpretaron siete canciones de su repertorio, y a pesar de ello el público seguía exigiendo nuevas interpretaciones.

El maestro Maiztegui fue muy felicitado por el acierto con que conduce la coral como así los organizadores del acto en general, quienes recibieron innumerables demostraciones de aprobación de la numerosa concurrencia que siguió con inusitado interés todo el desarrollo del programa.

En resumen, un acto eminentemente gallego, de alta categoría y que no se le pude hacer un solo reparo, pues tanto su organización como todos los participantes fueron dignos y estuvieron a la altura que las circunstancias exigían para celebrar una fecha llena de gloria para Galicia, como es el Centenario del nacimiento del gran poeta orensano Lamas Carvajal.

O discurso de Rodolfo Prada sitúa a Lamas na tríada ourensá das "lumieiras do patriotismo galego" -con Bóveda e Curros-, agradece a elaboración do busto e fala da unidade das sociedades:

Ista velada é un dos aitos cos cales os ourensáns residentes n-istas xenerosas e benqueridas terras arxentinas, cumplen coa obriga patriótica de celebrar o Ceneario do nacemento do esgrevio Valentín Lamas Carvajal. Como é sabido, eiquí en Bos Aiers, pol-a certeira iniciativa do Centro Orensano, fixose unha irmadade de sociedás ourensas coa patriótica finalidade de lle render homenaxe a Lamas Carvajal en ensexo de tan siñalada data. Esí foi como se constitueu unha Comisión de Homenaxe que istá integrada pol-as entidades seguintes: Centro Orensano, Centro Villamarín Perijano, Sociedás de Pereiro de Aguiar, de Nogueira de Ramuín, de Lobanes, de Residentes de Maside, de Hijos de Maside, Centro Arnoya, Centro Viana Trives e Centro Ramirane. Pras tudas isas sociedás ourensás, qu-esi mostran súa sensibilidade patriótica galega que ten de servir d-exemplo a nosa colectividade, eu vos prego e saudo o voso aplauso.



Promovida pola Comisión de Homenaxe dos ourensáns en Buenos Aires, Eduardo Blanco Amor organizou a edición dunha antoloxía da obra de Lamas.

A continuación Rodolfo Prada fai un resumo dos actos que se celebrarán e un discurso sinxelo no que sinala as semellanzas e puntos de encontro con outras figuras da galeguidez como Rosalía ou Castelao -estudaren medicina en Santiago, seren cegos, compromiso popular- ao tempo que fai xirar o seu discurso ao redor das facetas más comprometidas do autor (*Catecismo do Labrego*, poesía social...).

A penas unhas semanas despois deste acto, morre en Buenos Aires, Castelao e a vida societaria galeguista fica suspensa durante uns meses de dedicacións monotemáticas á memoria do rianxeiro. Incluso, o acto de entrega dos premios do Concurso Literario convocado pola Comisión de Homenaxe e que, segundo as bases feitas públicas na *Opinión Gallega* de novembro do 1949 como a ser celebrado o 25 de xullo seguinte, é posposto para o 30 de outubro en que se celebra.

#### d) A ANTOLOXÍA DE LAMAS (1950)

Con bo criterio, a Comisión de homenaxe das sociedades ourensás, encarga directamente a Eduardo Blanco Amor a elaboración dunha antoloxía e estudio sobre o poeta homenaxeado para a edición directa por parte da editorial "As Burgas" do Centro Orensano e a súa distribución na colectividade. Certamente a

Valentín L. Carvajal

Ao seu exigitivo or-  
denación, D. Eduardo Blanco Amor,  
autor do luminoso prólogo d'este  
libro e da escolma dos tra-  
ballos n'il contidos, adi-  
calle iste exemplar a  
Comisión de Homenaxe  
a Lamas Carvajal

Pedro Iglesias Eduardo Rodríguez  
José Gómez Miguel Vilaro  
Emilio Rodríguez Alfonso  
Daniel González Antonio Fernández  
Rex Antonio O. Barreiro



Dedicatoria dos membros da  
Comisión de Homenaxe de Buenos  
Aires a Blanco Amor polo seu  
traballo como antólogo de Lamas.

Agora, porén, ponse á venda  
a antoloxía, é saudada así pola  
Opinión Gallega de maio de  
1950.

Acaba de aparecer bajo este  
título un magnífico libro con acer-  
tada selección de traballos, en verso  
y prosa, del eminente escritor gallego  
Lamas Carvajal, entre ellos el tan  
famoso "Catecismo do Labrego"  
reproducido íntegramente. La obra  
ha sido editada por la comisión de  
Homenaje...

El libro contiene además, a  
manera de prólogo, un luminoso y  
amplio estudio de la obra de Lamas  
Carvajal, hecho por el brillante escri-  
tor orensano Eduardo Blanco Amor.

lembanza de Lamas se podería deber máis á memo-  
ria oral e aos recitados nos actos da colectividade que  
a lecturas directas.

Blanco Amor fixera xa no centenario de Rosalía, en  
1937, un traballo semellante: unha antoloxía comentada,  
e nestes momentos, logo de falar no enterro  
de Castelao como voz unitaria dos galegos, e de ter  
contribuído decisivamente á organización exitosa  
destes actos, está pasando un momento doce dentro  
da súa difícil relación coa colectividade e do Centro  
Orensano do que incluso chegará, no seu día, a ser  
expulsado.

#### e) ACTO DO TEATRO AVENIDA, OUTUBRO DE 1950

Un ano despois da festa do Centro Orensano, e uns  
meses despois de saír á luz a antoloxía, hase celebrar  
o acto central e final en memoria de Lamas, organi-  
zado pola comisión unitaria de sociedades ourensás,  
o día 30 de outubro de 1950. O acto foi anunciado  
na prensa como "literario-artístico" e convocado no  
lugar emblemático das celebracións de máis categoría  
da nosa colectividade, o Teatro Avenida, en plena  
Avenida de Mayo, para as nove e media da tarde, e con  
prezos que variaban entre os dez e os dous pesos.



Do dito na revista *Opinión Gallega* de decembro de 1950, onde se dá relación promenorizada do desenvolvemento do acto, observamos a unidade que se produce ao redor da comisión ourensá, incluíndo aos membros da nova directiva do Centro Gallego saída das eleccións do mes de outubro no que houbera un cambio tendencia -fora castigada a agrupación "Galicia" que convidara ao embaixador en decembro pasado e que mandara cartos a Ourense-, pero incluso aparece presente á pro franquista "Casa de Galicia". Alí sinálase:

*Mais co elas –coas sociedades ourensás– istivo a coleitividade en xeral, en prena solidaridade patriótica, nas súas máisimas representaciós, como ocorreu no gran-deiro aito do Teatro Avenida, no cal, ocupando os palcos de maior categoría, se viron delegaciós do: Consello de Galiza, Centro Gallego de Buenos Aires, Federación de Sociedades Gallegas, Centro Pontevedrés, Centro Orensano, Centro Lucendse, Centro Coruñés, Irmandade Galega, Centro Betanzos, Centro de Salceda, Agrupación "Celta", Agrupación "Galicia", Casa de Galicia, etc.*

Certamente, a celebración dos centenarios, persoeiros importantes e afastados da pulsión diaria, era punto de encontro.

*Novamente a coleitividade galega de Bos Aires amostrou o seu afervoamento patriótico en fondo senso e asisado espíru co que percura interpretar os sentimientos da galeguideade e servir aos outos e permañentes intereses moraes da patria Galiza. Dábase o centenario do nacemento do esgrevio e xurdio poeta galego Lamas Carvajal e sentiu a obriga patriótica de o celebrar diñamente.*

*Tal e como o fixera nos centenarios do sábeo Murguía, do ánxelex lírico Rosalía, do inspirado músico Veiga. Unha vegada más soubo a nosa coleitividade cumplir, con outura e brillanteza, a misión de falar e de aituar pol-o pobo galego que se alcontra impedido de o facer. Esí, é como as xentes galegas de Bos Aires se honoran cumprindo axeitada e mañifecamente a misión histórica que lle asinaron as circunstancias de ser a Galiza ideial, de ser a Galiza libre, asegún a definiú o noso grorioso e inmorrente Castelao.*

Cando se érgue o pano para dar comezo ao acto, nun teatro "acugulado de púbrico" aparece un escenario presidido polo busto que Domingo Mazas fixera para o Centro Orensano, ao que lle facían "garda de honra" os compoñentes da coral "Terra Nosa" e dos conxuntos do Centro Betanzos, do Centro de Salvatera,



Busto de Lamas Carvajal de Domingo Mazas.

do Centro de Salceda e os Gaitieiros de Villaverde, acompañados pola Comisión de Homenaxe e Lamas en pleno, co seu presidente -e do Centro Orensano- Don Antón Rodríguez, á cabeza.

O acto desenvolveuse en tres partes: literaria, folclórica e coral, e foi o seu mantedor o Sr. Valeriano Saco, secretario do Centro Orensán.

Despois da apertura co Himno Galego a cargo da coral "Terra Nosa" e do recitado do poema "O magosto" de Lamas por parte de Fernando Iglesias "Tacholas", o Secretario deu lectura á acta do Xurado do premio Literario.

O primeiro premio, 2000 \$, presentado baixo o pseudónimo de *Xacobo Loureiro*, correspondeu a un traballo presentado polo profesor residente en Ourense, Alberto Vilanova. O segundo premio, 1000 \$, baixo o pseudónimo de *Adrián Soutelo*,

*Valentín L. Caraval*



*Fernando Iglesias "Tacholas" difundiu a memoria e obra de Lamas nas súas actividades como actor e recitador na colectividade arxentina. Na foto, en 1987, na entrada do Centro Galicia de Buenos Aires, diante doadro de Castelao "A derradeira lección do mestre" e o busto de Domingo Mazas.*

correspondeu a Francisco Fernández del Riego, residente en Vigo. O terceiro premio, 500 \$ quedou deserto por non considerarse meritorios os demais traballos presentados.

A "Galicia ideal" premia a dous intelectuais da Galicia territorial, e mesmo un deles, Francisco Fernández del Riego, verdadeiro brazo executor da alternativa posibilista do galeguismo interior e "correspondente" en Galicia da revista do Centro Gallego, fai dobréte con dous premios nos concursos de Ourense e Buenos Aires.

Para concluír a parte literaria, o escritor exiliado Xosé Núñez Búa, fará en lingua galega, unha semblanza de Lamas na que o considera unha ponte entre a sensibilidade urbana e rural da Galicia da época e parándose de forma especial nos seus poemas referidos á saudade dos emigrantes e rematou dicindo:

*Pol-o que soupo facer en vida e pol-o que nos legou á súa morte, polo maxisterio de galegideade que día a día, arreo, sen acougo soupo exercer, pol-a riqueza en bens imperecedeiros que nos deixou en herdo, estamos eiquí, ourensáns de Bos Aires e irmáns galegos, cumprindo unha obriga: a de testemoiar público agradecemento a ise inmorredoiro devanxeiro do galeguismo, a ise baril defensor da enxebreza, a ise gran proel da civilidade galega, que foi don Valentín Lamas Caraval, honra de Ourense, prestixio de Galiza, exemplo de diñidade humán.*

A segunda parte, a folclórica, comezou coa actuación do conxunto de baile do centro Salceda quen interpreta danzas de Arquiños e paus, seguiu co grupo do Centro Betanzos, coas súas danzas de labradores e mariñeiros, e rematou co Mestre Manuel Dopazo, e o seu conxunto "Gaiteiros de Villaverde" interpretando diversas pezas e, para remate, a muñeira bailada por Héctor e Sara Dopazo.

A derradeira parte, a coral, estivo, unha vez máis, protagonizada pola coral "Terra Nosa" que dirixía o músico arxentino Isidoro B. Maiztegui. O seus cincuenta componentes entre sopranos, contraltos, tenores, baritonos e baixos, interpretaron oito composicións, unhas populares e outras cultas, ao gusto do público.

## VI. DIA DAS LETRAS GALEGAS, 1972

O Día das Letras Galegas de 1972 foi o décimo dos promovidos pola Real Academia Galega. Anteriormente, desde 1963 e por orde, foille dedicado a Rosalía, Castelao, Pondal, Añón, Curros, Cuevillas, Noriega Varela, Valladares e López Abente. As súas razóns tería a RAG, pero parece que podía ter sido festexado con anterioridade a outros autores secundarios que o precederon, máxime cando o comezo Rosalía, Castelao, Pondal... parecía indicar unha certa xerarquía.

O caso é que en 1972, nun clima de progresiva tolerancia social e de actividade das emergentes asociacións culturais que eran más ca iso, embazados os tempos por gravísimos retrocesos como a inusitada represión das folgas obreiras de Vigo e Ferrol (mes de abril), vanse celebrar, de novo, en Ourense, mesmo

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



no xardín do Posío de Ourense, actos en memoria de Valentín Lamas Carvajal, con actores semellantes aos do anos 1949.

#### a) ACTOS EN OURENSE

*La Región* do día 17 de maio inclúe varios artigos sobre Lamas e sobre a cultura galega á parte de dar o programa de actos para o día, que se verán comentados pormenorizadamente ao día seguinte.

Así sabemos que foi o Instituto de Estudos Orensanos, “Padre Feijoo”, que a Deputación Provincial baixo o impulso do seu presidente David Ferrer Garrido, estaba tratando de organizar definitivamente, a que convida á Real Academia Galega a desenvolver as súas actividades en Ourense en día tan sinalado. Sabemos tamén que aparecen como convocantes aos actos, a Agrupación Cultural Auriense, daquela presidida por Xesús Ferro Couselo e a Agrupación Cultural Breogán. Os actos celebráronse en varios lugares.

No Hotel Sanmartín, onde se produciu, ás doce e media, a recepción dos convidados da Real Academia Galega e onde os agardaban David Ferrer, presidente da Deputación, Ricardo Martín Esperanza, alcalde da cidade, Emilio Duro Peña, director do IEO “Padre Feijoo”, Ferro Couselo, Otero Pedrayo e outros, entre eles o Gobernador Civil, Daniel Regalado Aznar, e lugar tamén onde se celebrou posteriormente o xantar ofrecido polo Concello e a cea agasallo da Deputación, ás personalidades asistentes aos actos.

No Xardín do Posío, onde se produciu, á unha e media da tarde, a ofrenda floral. Alí, coa asistencia da corporación municipal baixo mazas, presidida polo alcalde Ricardo Martín Esperanza, nutridas representacións das entidades culturais Auriense, Breogán, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, conselleiros da Caixa de Aforros, deputados provinciais, representantes de entidades cívicas e numerosísimo público, e á chegada das autoridades reunidas no Hotel Sanmartín, celebrouse a ofreda floral.



Busto de Xavier Prado Lameiro, continuador da obra de Valentín Lamas Carvajal e esforzado gardián da súa memoria, obra de Francisco Asorey, situado, no Xardín do Posío de Ourense.

Seguimos por *La Región* do día 18 de maio o desenvolvemento dos actos:


*En primer lugar, el presidente de la RAG, don Sebastián Martínez Risco y Macías depositó una corona de flores ante el monumento a Lamas Carval; seguidamente lo hicieron el alcalde de la ciudad, Sr. Martín Esperanza, y dos jóvenes en representación de las agrupaciones culturales “Auriense” y “Breogán” que ofrecieron una corona de laurel.*

*Seguidamente pronunció unas breves palabras el presidente del Instituto de Estudios Orensanos, don David Ferrer Garrido, que agradeció la presencia en Orense de la Real Academia Gallega, que tanto honraba a la ciudad. Dijo que no procedía, por su parte, una glosa de Lamas. Suficientes autoridades podrían hacerlo mejor, pero Orense, en esta ocasión, vuelve a sentirse orgullosa de ser la patria de un gran poeta que supo cantar la raíz y el sentido de lo más auténticamente popular.*

*Seguidamente habló en académico y patriarca de las letras gallegas, don Ramón Otero Pedrayo. Tras un cordial saludo a todos los presentes dijo que este era un día grande*

*Valentín L. Carvajal*

A Real  
Academia  
Galega  
dedicouelle  
o Día das  
Letras en 1972  
e publicou  
un pequeno  
opúsculo con  
introducción de  
Otero Pedrayo  
e epílogo  
de Carballo  
Calero.



para las letras gallegas y para Orense porque Lamas Carvajal no murió, sino que sigue en la memoria y el corazón de todos los gallegos porque el espíritu no puede morir.

Otero Pedrayo, pronunciando un bello discurso en un diáfano y vivo gallego hizo una glosa lírica de Lamas Carvajal de tal modo que llegó a emocionar a su auditorio, prendido de su palabra. Hizo pasar brevemente, los escenarios por los que Lamas vivió. Definió el sentido de la ofrenda floral. Afirmó que Galicia actualmente alienta el espíritu potente que ya los vates de antaño intuían en su canto a la esperanza. Recordó a otros numerosos vates y escritores coetáneos de Lamas. Celebramos, dijo finalmente, al poeta vivo. Yo, el más viejo de los que estamos aquí, os pido, en nombre de este ciego, el voto de la promesa de la simpatía y de la esperanza alentadas en su obra.

Logo diríxese ao público o Presidente da Academia, Sr. Sebastián Martínez Risco, agradece ás autoridades o convite á Real Academia, gaba o acto polo que supón de recoñecemento da figura de Lamas e congratúlase de que o acto o comparta o Concello, e as autoridades e entidades que se sumaron, “*unidos todos en sana galleguidad*”.

O acto rematou coa lectura do poema “O falar das fadas”, por parte de Francisco Romero Casal, da agrupación Breogán- e coa interpretación de Negra Sombra e o Himno Galego –“coreado por la multitud”– por parte da Coral de Ruada.

Despois do xantar no Hotel Sanmartín, reanudouse a celebración co traslado dos asistentes ao Instituto do Posío, outro dos centros da celebración. Alí, da man do director do mesmo, Julio Francisco Ogando Vázquez, percorreron a exposición por el montada no claustro sobre a historia do libro en Ourense, idea que xa desenvolveran os organizadores da homenaxe de 1949 no Liceo Recreo Orensano.

Ás sete e cuarto da tarde, no histórico paraninfo, deu comezo a sesión académica da RAG *“presidida en un principio por don Sebastián Martínez Risco, que cedió la presidencia a don Ramón Otero Pedrayo cuando éste apareció en el paraninfo”*.

O acto iniciouse coa intervención de don Sebastián Martínez Risco que explicou que a RAG levaba dez anos celebrando o Día das Letras e que acordaran festexalo cada ano coa reunión no lugar de nacemento do autor ao que se lle dedique e que aceptaron o convite de David Ferrer Garrido, “buen gallego”, e que a intención desta dedicatoria foi rescatalo do esquecemento e abrirlle as porta da Academia que en vida non pudo lograr. A continuación, o crego e académico Enrique Chao Espina, fixo unha lembranza do autor homenaxeado, cunha somera biografía de Lamas, na que sinala a tripla dirección da súa obra –prosa, poesía e xornalismo– e repasando con citas de Otero, Blanco Amor, etc. a musa poética do autor. Unha vez finalizada esta contextualización, María Lourdes e Milucha, da Agrupación Teatral “Valle Inclán”, deron lectura a tres poemas de Lamas: “Como chove”, “Quen puidera chorar” e “O Alalá”.

O acto da Academia rematou coa conferencia estudio sobre a obra de Lamas Carvajal a cargo, como en 1949, de Xosé Fernando Filgueira Valverde. O sabio pontevedrés reivindica a figura de Lamas, con varias ideas que se foron convertendo en canónicas. Sinala, por exemplo como o “Tío Marcos da Portela” “tiene en la prosa un sentido análogo al de la invención de los Cantares Gallegos en la poesía. Es un hecho impar. Los precedentes en prosa gallega son pobres y esporádico. Lamas afronta un problema vital en la historia de la lengua.”



Esculca nas motivacións da actitude crítica de Murguía -o que levaría á postergación de Lamas no santoral cívico dos escritores da primeira liña- e valora como transcendental a rotura do silencio das letras galegas despois dos *Cantares Gallegos* de Rosalía, de 1863, por parte de Lamas Carvajal coa súa obra *Espiñas Follas e Flores, primeiro ramiño*, 1875.

*Termina aludiendo al proceso de su identificación con las preocupaciones y los sentimientos del aldeano gallego en unos momentos de honda crisis social. Lamas era mucho más que un escritor. Fue el intérprete de un pueblo. Por eso Galicia más aún que admiración, le debe gratitud.*

Dentro dos actos celebrados en Ourense, con tinte menos oficialista, ás oito e media da tarde, nos salóns do Liceo Recreo Orensano, as agrupacións culturais “Auriense” e “Breogán”, organizaron unha velada literaria na que se escenificaron e declamaron poemas de diversos autores: “Falade galego” de Eduardo Pondal, “Maria leve”, anónimo do s. XIII; “Pepsi-cola” e “Os honorables” de Celso Emilio Ferreiro e “Decides que o matrimonio” de Rosalía de Castro. Os componentes do grupo de teatro de Breogán (Celina Ramos, Flory Peliquín, Laura Janeiro, José Manuel Parada e Francisco Romero Casal) serían os encargados de levar a cabo o acto.

A continuación, Eduardo Blanco Amor, autor da antoloxía de Buenos Aires einxustamente ausente dos actos oficiais pronuncia unha conferencia sobre o autor, arroupado polo público máis novo, como insiste en dúas ocasións a pequena crónica de *La Región* do día 18, publicada en lugar separado ao resto dos actos do día. O dito nesta charla xunto con outras interesantísimas reflexións, será publicado, por entregas no xornal *La Región* os días 25,28,30 de maio e 3 e 9 de xuño, baixo o título conxunto de “Capítulos carvaxalianos”.

Na primeira das entregas, quéixase como adoitaba, Blanco Amor, do trato dado na prensa aos actos -en realidade da pouca información sobre o seu. Sinala:




*Augusta, a filla maior de Valentín Lamas Carvajal, casou con Manuel Malingre Ludeña. Os netos e bisnetos de Lamas, sempre apoian as homenaxes que se lle renderon en Ourense, e fundiron as placas de homenaxes e o busto do Posío.*

*Do acontecido o día 17 diríronse reseñas parciais –un non quere pensar que calculadamente parciais– que non reflexan a verdade numérica, a espontaneidade emocional e, según se corre por aí, nin a intensidade intelectual no tratamiento da figura que se relembraba; en fin, alá cada un coa súa concencia, coa súa comenencia, e co seu sentido da responsabilidade na tasación dos feitos e da súa fidelidade ao lector.*

Para pasar a reivindicar o rol da emigración na recuperación e mantemento da memoria dos intelectuais -desde Rosalía á edición da Historia de Galicia de Otero Pedrayo-, centrándose, neste e no seguinte artigo, na súa propia actividade persoal como antólogo de Rosalía, do Padre Feijóo e de Lamas Carvajal durante o tempo que botou en Buenos Aires.

O seu terceiro artigo fala do maltrato a Lamas pola crítica coetánea e da falla de valoración adecuada do autor; no cuarto “Marxinación e vivencia” da poesía más política de Lamas; e no último arremete contra a crítica do tempo e gaba a interpretación risquiana de Lamas resumida na frase “*Lamas tenía la trágica desesperación y el entero humorismo de nuestra raza*”:

*Valentín L. Carvajal*



*Eduardo Blanco Amor, en 1972, foi marxinado dos actos oficiais, pero pronunciou varias conferencias en asociacións culturais.*

... Os críticos da miudeza, áinda algúns tan ilustres en outras labouras, cairon nos escollos locais de moralina casiñeira nos remusgos intolerantes de sacristía; "Ás veces as expresións das súas xenreiras desbordan por cauces desviados" (Cuevillas). "Algunas veces el leguaje de "O Tío Marcos da Portela" peca de irrespoetoso en cosas de Religión (sic. a maiúscula) y de las costumbres. J. Fz. Gallego.

No medio de tanto topiqueiro e acomodaticio baduar, xa alicurto, xa cortés, Vicente Risco centra con resolución insólita e con trerminoloxía áinda pouco aplicada en Galicia, unha total percepción da trascendencia –quizá millor da teoloxía– carvaxaliana.

O artigo –e a serie– conclúen da mesma forma que o fixo días antes no Liceo.

Rematarei istas novas matizacíons ás miñas conferencias arredor do Día das Letras Galegas, coas verbas que fecharon a derradeira elas pronunciada en Ourense i encamiñada principalmente á xente moza: "Con todo, a súa verdadeira gravitación non foi tanto literaria como moral; o millor que de il se deduz, non é unha estética sinón unha ética literaria que vai ao pobo en xeito de concienciación-incitación, e que volta do pobo en forma de mandato posible pra os homes de letras, de pensamento, e tamén para os conductores dunha política decente, ouxetiva, superadora da entretenación liberal do caciquismo considerado como estructura non sendo máis que un embeleco. Iste é o mensaxe, o exemplo,

o herdo, que nos impón como primeira misión a de resgatar a Lamas Carvajal das mans dos cursis, dos simplistas, da moralina de sacristía e das "autoridades competentes" que hoxe tacharían bos anacos da súa obra... Vosoutros, mocinños, faceriades ben en poñer ao noso cego-vidente entre os vosos crásicos, si algúns leedes, e a carón dos vosos rechamantes fetiches estranxeiros, que si cadra son pan pra hoxe e fame pra mañán.

A Real Academia Galega, pola súa banda publica unha pequena antoloxía da obra poética de Lamas –doce poesías costumistas– cun texto introdutorio lírico e persoal de Ramón Otero Pedrayo, e un interesante epílogo, desde a historia da literatura, obra de Ricardo Carballo Calero –que xa utilizamos na introducción deste artigo–, onde a pesar de non incluír ningún texto en prosa o libriño da Academia, gaba o seu papel como prosista:

*Lamas Carvajal debe ser reivindicado como prosista, como o más antiguo dunha familia de prosistas ourensáns que aportaron unha contribución interesante ás letras galegas. Cando se fala da moderna prosa galega, é frecuente ignorar o labor de Lamas, Pérez Placer, Álvarez de Nôvoa, escritores de forte ourensanidade...*

Gallegada é libro manifestamente escrito para fomentar o cultivo da prosa, e o Catecismo do labrego é unha obra prima de literatura popular, o maior éxito editorial das letras galegas. Cicáis Lamas, como Pintos, fora mellor prosista que poeta, e cicáis no futuro sexa máis relembrado polos libros que se veñen de citar que por Saudades Gallegas ou Espiñas, follas e Flores.

Aínda así, non o acaba de tratar de forma moi desemellante a como faría Murguía:

*Lamas é un apóstol da relixión costumista, unha figura do desfile folklórico, unha imaxe para venerar na pequena eirexa aldeá, unha versión apenas literaria da sentimentalidade labrega...*

(...)

*É este "Catecismo" verdadeiramente, a única produción de Lamas que ten vixencia editorial. Os demáis libros hai moito tempo que non se editan. Lamas é un poeta de antoloxía, e, se cadra, abonda cunha escolma dos seus poemas e non fai falla reedición da súa obra completa. Secomásí, neste ano 1972, no que se adica ao batallador e laborioso invidente ourensán o día das letras galegas, por ventura A musa das aldeas posta de novo en letras de molde sería incentivo para estudios lingüísticos e filolóxicos sobre Lamas Carvajal...*

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL



## B) Os ourensáns de Buenos Aires

Pola súa banda, o núcleo humano da organización que movera os actos de 1949 en Bos Aires, nucleada ao redor dos galeguistas ourensáns di Centro Orensano, á altura de 1972 encontrábanse nunha situación esmorecente. A maioría dos vello impulsores galeguistas do centro (Rodolfo Prada, Manuel Puente, etc.) morreron ou estaban sen actividade, ao tempo que a intelectualidade galega de certo prestixio - Blanco Amor, Díaz Pardo, Luís Seoane, Rafael Dieste, Laxeiro...- xa voltara á terra.

Aínda así, o Instituto Argentino de Cultura Gallega -departamento de cultura do Centro Gallego- organizará o día 17 de maio de 1972 un acto nos salóns do Centro Orensano, seguido xa o eco das indicacións emanadas da Real Academia Galega. Era imposible de todo punto, convocar á colectividade a un grande teatro como se fixera no Avenida, en 1949. A situación era xa moi outra.

O acto, segundo o xornal "Galicia" de xullo-agosto de 1972, comezou co cántico do himno galego ao que seguiron as palabras de apertura do acto de Valeriano Saco, á sazón Presidente dun Centro Orensano ao que lle quedan poucos anos dunha esmorecente actividade ata a súa integración no novo Centro Galicia, en 1979. A continuación o secretario do IACG, Segundo Pampillón (ex-alcalde de Mos por Izquierda Republicana), deu lectura á relación de libros e discos publicados durante o último "año literario gallego, que, como se sabe, comienza el 17 de mayo del año anterior a la celebración que anualmente se realiza con el patronazgo e un nuevo literato". A seguir, Víctor Luís Molinari, presentou o libro de Julieta Gómez

Paz, "Galicia al atardeder" antes de que a poetisa lera algunhas das súas composicións.

Logo, na parte dedicada a Lamas, Segundo Pampillón -home da radio e responsable do magnífico arquivo sonoro do Centro Gallego- puxo unha cinta magnetofónica na que Ramón Otero Pedrayo fala sobre Lamas Carvajal e que o xornalista ourensán Fernando Ramos gravara e enviara á colectividade. Finaliza o acto coa actriz Lita Soriano -participante tamén noutros moitos recitais da colectividade organizados baixo o maxisterio de Eduardo Blanco Amor- procedendo á lectura de varios poemas de Lamas.

Como mostra da distancia que ía habendo coas cousas da cultura no solpor porteño, na propia revista *Galicia* do Centro Gallego de outubro e novembro dese ano, cando se dá referencia do acto, sinálase que

... y se escuchó en cinta magnetofónica la palabra de Ramón Otero Pedrayo, con un texto referido a la personalidad de Valentín Lamas Carvajal, y que fue grabado por el ilustre polígrafo en su paso por Trasalba, Orense.

O "pazo de Trasalba" -en realidade a Casa Grande de Cimadevila- acabara por mor das néboas da distancia e do desconecemento de alguéén que tiña a obriga moral de saber máis, nun simple "paso por Trasalba". A Galicia que abrollaba na terra tomara xa o relevo do facho de alén mar.

Os moitos actos celebrados en lembranza de Lamas Carvajal e a reivindicacion da lingua na rede de asociacións culturais que daquela os progresistas mozos ían tecendo nas cidades e vilas de Galicia, así o testemuñan.

## CATECISMO D' O LABREGO

Como que xa o conecedes porque o sun publicando pouco á pouco, non preciso decirvos que se trata d'un libriño que ten o cheiro, o sabor y-o color d'a nosa terriña. Tod' o que n-él se di está resumido n-o dibuxo d'a portada que ahí vos vai tamen. O coitadiño paisano gallego marcha, camiño d'o Calvario, levando sobre d' o lombo a pesada cruz d' as suas calamidás e disgracias. Atado pol-o pescozo c' unha corda, d' a que turra un ministro, vai escoltado por un xeneral e un señor. Todos tres fan c' o infiliz Xan Paisano o oficio que fixeron os xudios con Noso Señor, y-alá vai o probe caíndose á cada dez pasos c' o peso d' o madeiro, y-esposto á esganarse co-as turradelás de corda que lle dá o ministro pra que s' espavile.

Todal-as disgracias que vos suceden, todal-as inxusticias que fan con vosoutros, todal-as agunias porque pasades verédelas n-o Catecismo, meus queridos compañeiros de monteira. Elo parés qu' está feito precio. Por suposto qu' esto non vai mais que c' os que pagan relixiosamente a sua suseracion, pois pr' os que s' empeñan en lérme de moca, teñen en unha muy grande detrás d' a porta pra quitarlles as malas mañas de recibir o pródico, facerme traballar tod' o ano co-a pruma, qu' é pior pue traballar c' unha aixada, e logo roubarme as cadelas e deixarme sin pan que llevar á boca, e facerme andar co-a monteira vella y-os calzós con doux buratos onde todos sabedes.

E non vos digo mais, meus vellos: mercade o *Catecismo d' o Labrego*, que vos habedes de tir un pouco e darmelas graciás, porqu' é un libriño que se fixo por vosoutros e pra vosoutros.



Como que xa o conecedes porque o sun publicando pouco á pouco, non preciso decirvos que se trata d'un libriño que ten o cheiro, o sabor y-o color d'a nosa terriña. Tod' o que n-él se di está resumido n-o dibuxo d'a portada que ahí vos vai tamen. O coitadiño paisano gallego marcha, camiño d'o Calvario, levando sobre d' o lombo a pesada cruz d' as suas calamidás e disgracias. Atado pol-o pescozo c' unha corda, d' a que turra un ministro, vai escoltado por un xeneral e un señor. Todos tres fan c' o infiliz Xan Paisano o oficio que fixeron os xudios con Noso Señor, y-alá vai o probe caíndose á cada dez pasos c' o peso d' o madeiro, y-esposto á esganarse co-as turradelás de corda que lle dá o ministro pra que s' espavile.

Como sei que os carlos andan pol-as nubes, púxenvos o Catecismo ó precio mais barato que pu-den. Pr' os suscritores d' o Tio Marcos non custa mais que unreal, e doux pr' os que nen-o son. E xusto que os que m' axudan pol-o ano adiante, se lles den as cousas á menos

IMPRENTA D' O ECO D' OURENSE.

### RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Amoeiro-Ourense

É profesor de ensino secundario e especialista en historia contemporánea. Publicou os libros Os intelectuais do agrarismo (1999) e De

América para a casa (2001). Obtivo

o Premio Ferro Couselo co traballo Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida e lembranzas de mulleres na Galicia rural: 1900-1960.